

# Trans-Fronteiras Express

## Reflexións teórico-críticas sobre hibridación e emerxencia cultural e literaria

Edición ao coidado de  
Alba Cid  
Carla Figueiras  
Susana Justo  
Marco Paone  
David Taboada



## CADERNOS CIPPCE SOBRE EMERXENCIA CULTURAL

### DIRECTOR

Arturo Casas Vales

### CONSELLO EDITORIAL

Á. Enrique Carretero Pasín

Fausto Dopico Gutiérrez del Arroyo

Nieves Herrero Pérez

Juan José López Rivera

Manuela Palacios González

María do Cebreiro Rábade Villar

Felisa Rodríguez Prado

Anxo Tarrío Varela

### CONSELLO CIENTÍFICO

Josetxo Beriain (Universidad Pública de Navarra)

Antón Figueroa (Universidade de Santiago de Compostela)

Florencia Garramuño (Universidad de San Andrés, Buenos Aires)

Kirsty Hooper (University of Warwick)

María Lozano Mantecón (Universidad Autónoma de Madrid)

Michel Maffesoli (Institut Universitaire de France / Université Paris Descartes)

Francisco Pedro dos Santos Noa (Universidade Eduardo Mondlane, Maputo)

Mari Jose Olaziregi (Euskal Herriko Unibertsitatea)

Juan Luis Pintos de Cea-Naharro (Universidade de Santiago de Compostela)

Sharon Roseman (Memorial University of Newfoundland)

**CADERNOS CIPPCE SOBRE EMERXENCIA CULTURAL** é unha colección de libros electrónicos do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE, <http://www.usc.es/gl/institutos/cipce>), centro propio da Universidade de Santiago de Compostela constituído formalmente no ano 2010. Os promotores do Centro foron oito grupos de investigación, seis deles pertencentes á área de Artes e Humanidades e outros dous á área de Ciencias Sociais e Xurídicas. A especialización destes últimos é en socioloxía, imaxinarios sociais, historia económica e demografía, mentres que a dos primeiros corresponde a teoría literaria, lingüística, filoloxía, antropoloxía social, análise do discurso, estudos sistémicos e empíricos sobre cultura, comparatismo cultural e literario e análise de redes. Segundo os seus estatutos fundacionais, o CIPPCE ten encomendado o estudio científico de fenómenos de emerxencia artístico-literaria e máis en xeral de procesos culturais emerxentes, sen restricións territoriais nin lingüísticas. O Centro ocúpase asemade de documentar e analizar alternativas metodolóxicas e heurísticas xurdidas na investigación sobre o cambio e a emerxencia culturais.

CADERNOS CIPPCE SOBRE EMERXENCIA CULTURAL constitúe unha serie aberta, sen periodicidade prestablecida, destinada ao público universitario e investigador nacional e internacional. Compilará achegas significativas nos campos de investigación específicos do Centro, tanto internas como externas. Entre elas, as procedentes dos simposios e conferencias organizadas polo CIPPCE, complementadas no seu caso por propostas de interese conceptual, metodolóxico ou analítico que se valoren polo Consello Editorial como contributos de entidade respecto da emerxencia cultural. Tales propostas poderán proceder de investigadores individuais ou de grupos externos que formulen, seguindo as directrices técnicas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, iniciativas situadas nos marcos de competencia e actuación propios do Centro. Darase cabida así mesmo a traballos en progreso ou ocasionais, sempre de alcanzaren estes no criterio do Consello Editorial a calidade esixibel.

Os CADERNOS CIPPCE líganse desde os seus inicios á plataforma de código abierto Open Monograph Press, implementada polo Servizo de Publicacións da USC a finais de 2013, no mesmo momento no que a serie se materializaba por acordo da Xunta de Centro do CIPPCE e alcanzaba vida pública.

# **Trans-Fronteiras Express**

CADERNOS CIPPCE  
SOBRE EMERXENCIA CULTURAL  
N.<sup>o</sup> 2

# **Trans-Fronteiras Express**

## **Reflexións teórico-críticas**

### **sobre hibridación e**

### **emerxencia cultural e literaria**

**Edición ao coidado de**

**ALBA CID**

**CARLA FIGUEIRAS**

**SUSANA JUSTO**

**MARCO PAONE**

**DAVID TABOADA**

**2013**

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013

**Deseño de cuberta**

Ildefonso Vidal Ocampo

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Maqueta**

Marcial Martínez

Imprenta Universitaria

**Edita**

Edicións USC

Campus Vida

[usc.es/publicaciones](http://usc.es/publicaciones)

## **ÍNDICE**

Presentación .....	7
Introducción .....	9
<b>Alba CID FERNÁNDEZ</b>	
O ensaio como deriva discursiva na poesía galega e canadense recentes. Chus Pato, Erín Moure e Anne Carson .....	21
<b>Carla FIGUEIRAS CATOIRA</b>	
Outros <i>Bildungsromane</i> n'As mulheres de <i>Tijucopapo</i> , de Marilene de Felinto, e <i>Le Baobab Fou</i> de Ken Bugul.....	39
<b>Marco PAONE</b>	
Una perspectiva transatlántica de las antologías en traducción: la poesía italiana entre España y Argentina.....	61
<b>David TABOADA CALVO</b>	
De Canadá al Tíbet: espacios globales del realismo mágico.....	81
<b>Susana JUSTO BARREIRA</b>	
Indixenizando a literatura comparada: tradución e recepción crítica da oratura amazigh en Europa.....	101



## **Presentación**

O volume *Trans-Fronteiras Express* constitúe o resultado dun proxecto colectivo ideado, organizado e levado a cabo por quen asinan esta edición, a saber, Alba Cid, Carla Figueiras, Susana Justo, Marco Paone e David Taboada, ex-estudantes do Mestrado en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Arestora, estes investigadores atópanse en diversas fases da súa formación doutoral no Programa en Estudios da Literatura e da Cultura da mesma universidade.

A orixe dos textos atópase nas xornadas que eles e elas mesmos organizaron na Facultade de Filoloxía da USC o 4 de xullo de 2013 baixo o título *Trans-fronteiras. Hibridacións culturais e transformacións literarias na nova realidade global*, que contou co patrocinio do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE) —do que son membros Susana Justo e Marco Paone— e da Cátedra Jean Monnet “A Cultura da Integración Europea” (nº 528689). Previamente, dous destes investigadores, Alba Cid, grazas ao financiamento do Grupo de Investigación 1371 en Teoría da literatura e Literatura comparada, e Marco Paone, mercé ao financiamento do proxecto de investigación *Europa, en comparación: Unión Europea, identidade e a idea de literatura europea* (Ministerio de Ciencia e Innovación, FFI2010-16165), expuxeran unha versión preliminar dos seus respectivos traballos no Simposio Internacional do Hermes Consortium for Literary and Cultural Studies (<http://hermes.au.dk/>), que, baixo o rótulo *New Worlds, New Literatures, New Critiques*, tivo lugar na University of Wisconsin-Madison entre o 9 e o 14 de xuño de 2013. Este Simposio Internacional constitúe a

actividade anual central do citado Consorcio, e nel participan estudantes das universidades afiliadas de Europa e os Estados Unidos tras unha selección competitiva.

En definitiva, este volume vén representar a materialización dun obxectivo formativo que os distintos foros arriba mencionados consideran básico: dotar aos novos investigadores das habilidades e capacidades precisas para se converteren en forza autónoma da súa carreira académica e da súa formación intelectual, sempre co apoio irrenunciábel —científico pero tamén económico— das diversas entidades que para estes fins contan con financiamento público, sexa este autonómico, estatal ou europeo. O resultado da aposta está agora nas mans das lectoras e dos lectores.

César Domínguez  
Cátedra Jean Monnet “A Cultura da Integración Europea”  
Universidade de Santiago de Compostela

## **Introdución**

Os traballos que se presentan á lectora ou lector neste volume son o resultado da primeira xornada de debate ao redor das prácticas culturais e literarias emerxentes, «Trans-fronteiras: Hibridacións culturais e transformacións literarias na nova realidade global», que se celebrou o 4 de xullo de 2013 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co apoio do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes — CIPPCE— e da Cátedra Jean Monnet «A cultura da Integración Europea». O intercambio de opinións e reflexións que tivo lugar naquel encontro axudou a enriquecer a visión que cada un dos contribuíntes tiña sobre os novos campos de estudo que se abriron, e se están a abrir, para os estudos literarios nas últimas décadas, a consecuencia —entre outros motivos— do avance imparable da(s) globalización(s) e dos fenómenos de hibridación cultural que tal(es) proceso(s) orixina(n). Porén, non se faría xustiza se non mencionásemos, aínda que só sexa brevemente, a débeda que estas propostas teñen co último seminario organizado polo consorcio internacional Hermes —Universidade de Wisconsin, Madison, 9-14 de xuño de 2013. Baixo o título «New Worlds, New Literatures, New Critiques», este seminario presentouse como unha oportunidade para reflexionar sobre diferentes aspectos das transformacións, hibridacións e innovacións literarias, e máis amplamente dos fenómenos históricos de impacto trans-nacional, trans-rexional ou global. Aínda que finalmente só dúas das propostas que aquí se recollen —a de Alba Cid e a de Marco Paone— chegaron a presentarse en Wisconsin, a este marco orixinario debemos algúns

dos conceptos chave dos que partiría a idea da xornada e deste libro, tal e como é a noción sempre difusa e fuxitiva de Literatura Mundial.

Lonxe de constituir unha novidade —pois, como é ben sabido, as aspiracións internacionalistas, co seu profundo talante ético, e a idea dunha *Weltliteratur* atópanse nas bases mesmas da disciplina comparatista—, o conxunto de ideas, dúbihdas e inquietudes que atopará o lector ao longo destas páxinas encádrase dentro dos últimos estudos desenvolvidos dentro da Literatura Comparada. Como resultado dos profundos debates en torno aos desafíos multiculturalistas que a globalización produciu nas últimas décadas, o comparatismo literario enfrentouse aos máis variados retos, dende a superación do eurocentrismo, pasando polos estudos de tradución, até o novo paradigma da Literatura Mundial e os recentes «World Literature Studies». Exemplo desta última tendencia son os traballos desenvolvidos por Pascale Casanova (1991), Franco Moretti (1998, 2000, 2005) e David Damrosch (2003, 2009), os cales constitúen tres intentos diferentes de definición e delimitación dos fenómenos estudiados baixo a rúbrica de Literatura Mundial, ao mesmo tempo que proporcionan novos modos de pesquisa e ensinanza de dito fenómeno. A *République Mondiale des Lettres* de Casanova explora os modos de funcionamento e constitución do «campo literario internacional», analizando o xogo de estruturas formais, tales como os paradigmas estéticos, isto é, as vías polas que as obras de escritores periféricos conseguem circular polos centros metropolitanos e así acadaren o recoñecemento —capital simbólico— de obras literarias mundiais. Na liña das teorías sobre producción elaboradas polo sociólogo Pierre Bourdieu, Casanova concibe e interpreta os textos literarios como tomas de posición e obxecto de loita nun espazo literario mundial caracterizado por unha profunda desigualdade de capitais, de acceso a recursos tanto materiais como simbólicos. Pola súa banda, Moretti subliña as insuficiencias dos métodos tradicionais de aproximación a este fenómeno, tales como o «close reading», e propón no seu lugar un novo método de lectura, o «distant reading», por medio do cal observar a gran escala os patróns ou modelos literarios que se desprenden dos índices de publicación e das historias literarias nacionais, permitindo en consecuencia trazar os desprazamentos de formas como a novela, a poesía ou o cine a nivel mundial. Finalmente, David Damrosch concibe o fenómeno da literatura mundial en termos de circulación literaria, como «all literary works that circulate beyond their culture of origin, either in translation or in their original language» (2003: 4) e baixo a convicción de que «a work of world literature has an exceptional ability to transcend the boundaries of the culture that produces it» (2009: 2).

Coas súas regras, fórmulas e estereotipos, a «World Fiction» impón modelos culturais que van máis aló dos circuítos literarios tradicionais, máis aló da literatura nacional. Como explica Tlostanova, a existencia do proceso literario global corresponde á prosecución dunha lóxica aínda ancorada nas categorías epistémicas, culturais e económicas da modernidade, aínda que noutras formas. Por iso é preciso comparar na literatura fenómenos transnacionais dende diferentes puntos de vista «pero non baseados en principios de absoluta semellanza ou diferenza, senón, máis ben, na busca de certas categorías, metáforas, motivos comúns, aínda que non idénticos [...] ao redor dos cales estes discursos filosóficos e artísticos ben diversos están construídos» (Tlostanova 2005: 196). O estudo comparado de escritores que teñen un amplo conxunto de trazos literarios comúns, a pesar dos escenarios de procedencia, non se debe á espontaneidade destas concordancias, senón á lóxica da modernidade. Esta tende a homoxeneizar moitos aspectos e eleccións das prácticas artísticas, aínda que moitas destas vaian en contra desta lóxica, pola cal «ser un *outro* para un artista é máis difícil, porque a outridade é un dos bens de consumo no mundo contemporáneo politicamente correcto e deja de exercer o seu papel de desviación» (Tlostanova 2005: 197). Así, o estudo dos textos e outras formas de arte verbal a través das fronteiras temporais, espaciais, lingüísticas, culturais, etc., levan á relativización de conceptos e presupostos básicos —e tradicionais— dos estudos literarios occidentais, tales como o de obra literaria, xénero ou autor e autoría, e, en consecuencia, á necesidade de elaborar novas formas coas que aproximarse á literatura, de crear novos conceptos e métodos cos que achegarse ao feito artístico verbal en toda a súa complexidade.

Baixo ese mesmo espírito de relativización e transcendencia dos marcos tradicionais de análise, as literaturas nacionais, o debate aquí presentado tamén se insire no conxunto de actividades e simposios impulsados polos esforzos das asociacións de Literatura Comparada tales como a American Comparative Literature Association —ACLA—, a International Comparative Literature Association —ICLA— ou a World Literature Association —WLA—. No caso da ICLA obsérvase un profundo interese pola redefinición da historiografía literaria —especialmente pola reconsideración de conceptos tradicionais coma o de canon literario—, do cal son testemuña numerosos encontros e publicacións tales como, por exemplo, o proxecto para a realización dunha *Histoire Comparée des Littératures en Langues Européennes/Comparative History of Literature in European Languages*, cuxo primeiro volume viu a luz en 1973, chegando ao número xxiv en 2010 coa *Comparative History of*

*Literatures in Iberian Peninsula*, editado por Fernando Cabo Aseguinolaza, Anxo Abuín e César Domínguez Prieto.

Nos últimos anos, a atención prestada á circulación da literatura a nivel mundial, coas súas transformacións e hibridacións dos espazos, procesos e prácticas literarias e culturais, aumentou significativamente, como pode verse no crecemento paulatino do número de programas docentes, de investigacións e de traballos publicados a este respecto, tal e como é o caso de tres volumes chave dos estudos de Literatura Mundial na actualidade: *Mapping World Literature* (2008) de Mads Rosendahl Thomsen, *The Routledge Companion to World Literature* (2011), editado por Theo D'haen, David Damrosch e Djelal Kadir, e *World Literature Reader* (2012), con edición a cargo de César Domínguez, Theo D'haen e Mads Rosendahl Thomsen. Malia as diferenças que presentan entre elas, estas tres obras parten das mesmas dúbihadas e preocupacións, dunha mesma necesidade de retrazar, de recartografiar a(s) constelación(s) que conforma o fenómeno artístico verbal.

Segundo a Ottmar Ette (2003, 2011), xa non só é de vital importancia a análise e a teorización sobre a «literatura en movimiento», entendéndoa como aquela literatura que se despraza xeograficamente —literatura de viaxe, da migración, en tradución, etc.—, senón tamén o estudo da «literatura del movimiento», de todas aquellas expresións artísticas que se atopan no medio de transicións e que, ao non encaixar nos patróns estéticos e literarios tradicionais dos estudos literarios, buscan ser aceptadas. Así, prestar atención ás formas de arte verbal transfronterizas, aquellas cujas «disposiciones, por su carácter translingüe y transcultural, esto es, que atraviesan diferentes lugares y culturas, hacen presentes o dejan translucir bajo los lugares, otros lugares, bajo las palabras, otras palabras, bajo las culturas, otras culturas» (Ette 2011: 565), supón á súa vez ter en consideración o «movimento» como un dos conceptos chave da arte verbal en xeral, pois esta constitúe continuamente novas configuracións, intratextuais, intertextuais e extratextuais.

Neste movemento, un papel fundamental xóga o a tradución, entendida como *literature* —e, por que non, *cultural transfer* (Pym 1993: 139)—, un termo que non é casual, xa que incorpora non só os aspectos positivos das transferencias mutuas, senón tamén o aspecto económico e político que intervén e, ás veces, manipula esta circulación. Ningunha tradución ou *reescritura* é inocente, xa que sempre remite a un contexto e a unha historia da que un texto procede e na cal se traspón, evidenciando a importancia da tradutora ou tradutor, *rewriter*, como suxeito situado, é dicir como axente central que actúa entre diferentes sistemas literarios. Neste sentido, non hai que esquecer

as achegas dos componentes da Escola de Tel Aviv, especialmente de Even-Zohar, que, ao final dos 70, prestara moita atención ao papel da tradución como parte activa na formación e na modificación do polisistema literario, até chegar ao punto de considerar a tradución literaria como literatura traducida. Como peza activa do proceso literario, a tradución encóntrase no medio das redes de poder económico e cultural, vólvese incluso un lugar privilexiado de pasaxe e cambio que a miúdo desvela, a través da análise comparada das prácticas textuais, os intersticios das estruturas de poder no interior dun marco cultural máis amplo. Por esta razón, varios teóricos dos estudos poscoloniais se centraron na importancia da tradución, até o punto de que algúns, como Susan Bassnett, chegaron a asociar a experiencia colonial con aquela da tradución:

the source/original holds the power, the colony/copy is disempowered but placated though the myth of transparency and objectivity of the translation. The colony, in short, is perceived as a translation, never as an original, but this is concealed by a promise of equitable textual relations. (Bassnett 1996: 21)

Este mito da transparencia expresa ben o cambio de prospectiva con respecto á tradución, que xa non se considera a modo de filtro transparente, senón como intervención. Nesta dirección, Cronin fala do mito da transparencia da linguaxe polo que atinxé á tradución, incidindo na relación entre linguaxe e poder, e poñendo en cuestión as posibilidades de representación, sobre todo daquelas que concirnen á linguaxe en viaxe:

Travel in a world of languages is fraught with difficulty. There are the innumerable pitfalls of translation: the potential for mistranslation; the loss of meaning; the danger of approximation; the problematic political economy of translation in the Eurocentric appropriation of other peoples and places through ex-colonial languages; the misleading myth of transparent non-refractory translation.

(Cronin 2000: 2)

Ao apostar por un tradutor entendido como suxeito nómade, o crítico irlandés entrevé na «fractal experience of travel» un modo para desenvolver unha maior sensibilidade cara á/ás *polidentidade/s* —nos termos de Edgar Morin— e cara ás discriminacións da propia linguaxe, e mesmamente unha maneira de seguir «strategies of estrangement and intercultural faultlines [that] undermine notions of fixity and unity» (26).

Estas estratexias de tradución vólvense fundamentais nos casos de emergencia literaria. A experiencia colonial da tradución amplifícase nas dinámicas interliterarias que afectan a culturas e linguas minoritarias inseridas en contextos más articulados onde entran en contacto e conviven con máis

sistemas literarios e culturais, normalmente hexemónicos. Conceptos como canonizado e non-canonizado, centro e periferia forman parte do vocabulario analítico das relacións literarias intersistémicas e intrasistémicas, ao involucrar aspectos políticos, sociais e culturais. Deste xeito, a tradución ten un rol esencial no desenmascarar os puntos de ruptura destas redes, interceptando as interferencias entre as literaturas de partida e as de chegada.

Álvarez e Vidal reflexionan sobre as relacións de poder conectadas ás prácticas de tradución, enfocando a súa atención especialmente no exame do vínculo entre a producción de coñecemento nunha cultura dada e a súa transmisión, recolocación e reinterpretación na cultura de chegada, ao distinguir unha terceira dimensión entre o texto de orixe e o meta que denominan *espazo cultural*. A tradución móvese en tal espazo nun constante equilibrio entre poderes e nun complexo proceso de reescritura, onde interveñen diferentes factores de variabilidade que afectan directamente á retransmisión de saberes nun espectro de solucións que van dende a conservación e a aceptación da diversidade ata a domesticación e neutralización da cultura e do texto de partida. A tradución ofrece unha imaxe da cultura de partida sobre todo aos que non teñen acceso a aquela realidade. Esta intervención e este poder lexitiman ademais o concepto mesmo de orixinal e de traizón da obra de partida, que tanto caracterizaron a historia da literatura. «The translator is essential during the process of exchange and interchange that take place when translating. With the author, the original also dies» (Álvarez – Vidal 1996: 6).

Como proceso en movemento, a tradución solicita comparacións con experiencias humanas como o xa mencionado nomadismo, a diáspora, o confinamento ou o exilio, que, por outro lado, moitas veces se volveron realidade nas propias biografías dos tradutores. A propia literatura revivifícase precisamente por estar suxeita á dispersión e á ruptura das barreiras da endogamia lingüística, favorecendo a transferencia, a recepción e a contaminación de novas formas e contidos. Esta «diáspora da escritura» non se limita só á literatura, é unha condición que se estende «en cualquier ámbito en que se genera su recepción reproductiva, en el dominio de la teoría literaria, la crítica, la enseñanza de la literatura, la adaptación de las obras al cine y al video» (Romano Sued 1996: 2).

Para abordar todas estas transformacións e hibridacións, a Literatura Comparada tivo que adoptar necesariamente unha perspectiva «intradisciplinar, multidisciplinar y pluridisciplinar» (Tötösy 1998), que continúa a ser hoxe en día a única opción viable á hora de afrontar a análise dun panorama global cada vez máis poboados de alternativas, de realidades socioculturais

emerxentes. Iso obsérvase na aparición progresiva dende finais do século XX de novas árees de estudo interdisciplinar, como a Xeografía Literaria. Esta aparece nos anos 90 dentro do que se coñece baixo o nome de «*spatial turn*», ben entendido como unha tendencia académica que se centra no estudo do espazo e do sentido de espacialidade no ser humano, ben como un termo fundamental á hora de trazar definitivamente a distinción entre o posmodernismo e a modernidade (cf. Jameson 1988). A nivel disciplinar, este xiro espacial pódese observar na aparición paulatina de conceptos de carácter espacial que se aplican á análise de grandes conxuntos de obras. Así, o comparatismo literario trata de cartografiar, de elaborar mapas a partir do estudo do fenómeno artístico verbal a través das fronteiras lingüísticas e estatais, cunha clara finalidade —polo menos teórica— de emprender o estudo científico de esos mapas, valorando a información que proporcionan, así como os novos problemas que presentan. Certamente, a necesidade deste tipo de estudos é incuestionable dende o momento no que os aspectos suscitados pola globalización cultural e literaria se cruzan coa necesidade de reconsiderar os espazos e formas de relación nos que participan os fenómenos artísticos verbais, de (re)mapear a arte verbal nun sistema mundial e transnacional.

En definitiva, a xeografía vólvese unha ferramenta útil para entender a literatura e a tendencia a usar mapas literarios axuda á comprensión dos textos, especialmente nos casos nos que estas cartografías representan a árbore xenealóxica que esboza todas as ramas —de contactos— polas que se van constituíndo novas vías xenéricas. Deste xeito, as historiografías literarias, nas súas varias dimensións, confórmanse como cruce entre diferentes tecidos cartográficos (cf. Moretti 2005).

Sen dúbida, xunto co espazo, unha das grandes preocupacións dos últimos corenta anos, como xa citamos anteriormente, é a construción do discurso historiográfico da literatura, que se traduciun nunha chamada de atención sobre a necesidade de reler e redefinir os conceptos e presupostos básicos dos que partía a labor do historiador da literatura, tales como a perspectiva evolucionista da historia e o marco das literaturas nacionais. Paulatinamente impúxose unha visión supranacional do feito artístico verbal, achándose en estreita relación cos movementos de independencia das colonias —inglesas e francesas maiormente—, cos desprazamentos masivos de persoas —exilio, migración, diáspora, globalización— e, especialmente, coa tendencia de pensamento coñecida como *crítica poscolonial*. No ámbito dos estudos da literatura, este proceso e tendencia de pensamento supuxo a emerxencia dunha nova forma de aproximación á arte verbal, a cal se comprende agora como estreitamente

dependente dunhas circunstancias históricas, políticas, ideolóxicas e sociais determinadas —poñendo o acento na politicización da literatura en xeral e do discurso histórico-literario en particular—. Progresivamente, perfilouse así un comparativismo que, nos últimos anos, está desprazando a Europa do seu centro, da súa posición de modelo universal, obrigando a unha relocalización e diversificación da práctica epistemolóxica e hermenéutica, ao mesmo tempo que modifica as relacións que Europa mantén co resto do mundo.

Partindo deste contexto epistemolóxico e hermenéutico, as achegas aquí presentadas teñen como denominador común o tratamiento, implícito ou explícito, dun conxunto de conceptos e problemas específicos fundamentais para os estudos literarios actuais.

Polo que respecta ás clásicas divisións xenéricas —amplamente recoñecidas, por máis que tivesen implicacións pragmáticas e institucionais contextualmente definidas—, hai tempo que o calmo asentamento nun «sistema de xéneros» de herdanza hegeliana ou de cariz estruturalista, sen ser esquecido, deu paso ao estudo da inestabilidade conceptual do xénero e á observación da experimentación interartística. Aínda que a permeabilidade e a hibridación fosen valoradas de modo positivo xa no Romantismo —Schiller, Victor Hugo, etc—, fóra de dúbida está a adscrición desta característica ás coordenadas posmodernas. Nesta liña, ten Marjorie Perloff (1989) defendido que o xiro efectuado no mapa posmoderno de xéneros responde tanto ao relativo abandono do modelo romántico alemán, tripartito, como ao desexo de resistencia a unha sistematicidade ou normativa que enmarque as producións. En consecuencia, e paradoxalmente, multiplicanse os espazos intersticiais, de fronteira, e en moitas ocasións, as formas propriamente deconstrutivas ou paródicas que recoñecen, precisamente, a indelébel pegada do sistema de xéneros que están a negar. É isto o que explica a abundancia de etiquetas como «teatro narrado», «novela non ficcional», «ensaio ficcional» ou «poesía ensaística», por exemplo.

E sendo así, aínda que recoñezamos este dobre xogo, a existencia dunha especie de «contrasistema xenérico», nutricia resulta a análise do lugar sistémico reservado para as formas tradicionais e as emerxentes, a súa centralidade ou marxinalidade, así como a recepción primeira destas —cando acadan recoñecemento dos pares, cando do «gran público»—. Nun nivel de detalle precedente, conscientes da precaria reflexión e fixación nominal sobre algúns destas formas híbridas, conveniente é tamén comprobar como se realiza o transvase de trazos discursivos dun xénero a outro, isto é, que características basilares de cada xénero «permanecen» e cales «se negan». Se ben nesta liña

se insiren dúas das contribucións deste volume, a de Alba Cid e a de Carla Figueiras, é precisamente este cruzamento e xestión interxenérica de trazos a que centra o traballo de Alba Cid. A través da análise da producción poética de tres poetas actuais —Chus Pato, Erín Moure e Anne Carson—, Cid reflexiona sobre os límites da creación poética contemporánea enfocando os establecidos entre poesía e ensaio, e explorando, en última instancia, a relación entre poesía, coñecemento e subxectividade.

Por outra banda, o coñecemento pode ser proceso de formación que atopa a súa vía de aprendizaxe e a súa válvula de escape na escritura e na novela, en concreto. Carla Figueiras esboza os novos percorridos do *Bildungsroman* na súa relectura de xénero e do xénero. Nunha perspectiva poscolonial, as novelas *As mulheres de Tijucopapo* de Marilene de Felinto e *Le Baobab fou* de Ken Bugul son exemplos de rescritura e de superación dos espazos canonizados da novela de formación, que se multiplican na mirada e nas experiencias da súas heroínas, cuxas vidas se enfrentan ás dinámicas dos procesos de globalización.

Na cuestión do tránsito anárquase a contribución de Marco Paone, ao entender a tradución como *transfer* nun espazo transatlántico, no que moito peso asume o papel do tradutor como axente activo entre diferentes sistemas literarios e culturais. Na súa análise sobre as antoloxías en tradución, sublínase a importancia das antoloxías como forma literaria que se move no eido da historiografía literaria e que intervén nela dun xeito transnacional, como se demostra a través de dous casos nitidamente diferentes, dúas antoloxías de poesía italiana publicadas ao longo dos anos 50 por Vintilă Horia e Jesús López Pacheco en España e por Alberto Girri e Carlos Viola Soto en Argentina.

Perfilando a área das transformacións globais preséntase a circulación e a renovación do *realismo máxico* propio da novela do *boom latinoamericano* a través dunha cartografía renovada do xénero a nivel mundial. No ronsel dos *World Literature Studies*, David Taboada proporciona os diferentes mapas que se poden reconstruír deste xénero, cuxa categorización se redifine grazas á súa tradución e circulación e na hibridación que xorde das creacións que proceden doutros espazos xeográficos e culturais.

A esta nova xeografía pertence o estudo de Susana Justo ao ampliar o discurso nun ámbito que supera o valo que confina a cultura á súa expresión gráfica. A partir dunha reconsideración epistémica e herméneutica sobre a oralidade como feito artístico e modo de civilización específico e actual, Justo afonda nas oraturas indíxenas presentando o caso da comunidade amazigh,

ao tratar de mostrar os modos de difusión das traducións de contos orais cabileños en linguas europeas e a imaxe que se proxecta a través delas.

Finalmente, con esta publicación, que leva o título *Trans-fronteiras Express: Reflexións teórico-críticas sobre hibridación e emerxencia cultural e literaria*, prefíxase a vontade de achegar ao público novas vías epistémicas e críticas sobre asuntos fundamentais xa non só dentro do ámbito da literatura comparada, senón tamén dos estudos literarios en xeral. Xunto cos novos interrogantes formulados polas prácticas literarias e culturais emerxentes, reavívanse vellas cuestións basilares dentro da comprensión —tanto vocacional como epistemoloxica (Mignolo)—, do feito artístico verbal, tales como o cuestionamento do propio concepto de literatura. A esta tarefa ou desafío enfróntanse as cinco contribucións aquí reunidas, e que, lonxe de pretender proporcionar conclusións definitivas, se presentan ao lector como espazo de encontro e de diálogo, coa firme intención de achegar algo ao debate en torno ao fenómeno artístico verbal na era da mundialidade económica, tecnolóxica e cultural.

Alba CID, Susana JUSTO e Marco PAONE  
Universidade de Santiago de Compostela

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, R.; VIDAL, M. C.-Á. (eds) (1996). *Translation, Power, Subversion*. Clevedon: Multilingual Matters.
- BASSNETT, S. (2002). «Translation, Culture and History». En LAUGE HANSEN, H. (ed.), *Changing Philologies: Contributions to the Redefinition of Foreign Language Studies in the Age of Globalisation*. København: Museum Tusculanum Press, pp. 15-24.
- BASSNETT, S. (1996). «The Meek or the Mighty: Reappraising the Role of the Translator». En ÁLVAREZ, R.; VIDAL, M.C-Á., *Translation, Power, Subversion*. Clevedon: Multilingual Matters, pp. 10-24.
- CABO ASEGUINOLAZA, F.; ABUÍN, A.; DOMÍNGUEZ, C. (2010). *Comparative History of Literature in Iberian Languages*, vol. 1. Amsterdam & Philadelphia: John Benjamin.
- CASANOVA, P. (1991). *La República Mundial de las Letras*. Barcelona: Anagrama, 2001.

- CRONIN, M. (2000). *Across the Lines: Travel, Language, Translation*. Cork: Cork University Press.
- D'HAEN, Th.; DAMROSCH, D.; KADIR, D. (eds.) (2011). *The Routledge Companion to World Literature*. New York: Routledge.
- DAMROSCH, D. (2003). *What is World Literature?* Princeton: Princeton UP.
- DAMROSCH, D. (2009). *How to Read World Literature*. Chichester: Wiley-Blackwell.
- DOMÍNGUEZ, C.; D'HAEN, Th.; ROSENDAHL THOMSEN, M. (eds.) (2012). *World Literature. A Reader*. New York: Routledge.
- ETTE, O. (2003). *Literature on the Move*. Amsterdam: Rodopi.
- ETTE, O. (2011). «Memoria, Historia, Saberes de la Convivencia. Del saber con/vivir de la Literatura». *Isegoría. Revista de Filosofía Moral y Política*, 45, pp. 545-573.
- EVEN-ZOHAR, I. (1978). «The position of translated literature within the literary polysystem». En Holmes, J. S.; Lambert, J.; Van den Broeck, R. (eds.), *Literature and Translation: New Perspectives in Literary Studies*. Leuven: Acco, pp. 117-127.
- JAMESON, F. (2003). *Postmodernism, or, The Cultural Logic of Late Capitalism*. Durham, NC: Duke UP.
- MORETTI, F. (1998). *Atlas of European Literature 1800-1900*. London: Verso.
- MORETTI, F. (2000). «Conjectures on World Literature». *New Left Review*, 1, pp. 54-66.
- MORETTI, F. (2005). *Graphs, Maps, Trees: Abstract Models for a Literary History*. London: Verso.
- PERLOFF, M. *Postmodern Genres* (1989). Norman: University of Oklahoma Press.
- PYM, A. (1993). «The Problem of Sovereignty in Regimes of European Literature Transfer». *New Comparison*, 15, pp. 137-146.
- ROMANO SUED, S. (1996). *La diáspora de la Escritura. Una poética de la traducción poética*. Córdoba, Argentina: Editorial ALFA.
- THOMSEN, M. R. (2008). *Mapping World Literature: International Canonization and Transnational Literatures*. London: Continuum.
- TLOSTANOVA, M. (2005). «O concepto de “literatura mundial” no tempo da globalización – unha mirada desde o espazo postsovietico». *Boletín Galego de Literatura*, 34, pp. 191-220.
- TÖTÖSY DE ZEPETNEK, S. (1998). *Comparative Literature: Theory, Method, Application*. Amsterdam: Rodopi.



**O ensaio como deriva discursiva na poesía galega e  
canadense recentes.**  
**Chus Pato, Erín Moure e Anne Carson**

***El ensayo como deriva discursiva en la poesía gallega y  
canadiense recientes. Chus Pato, Erín Moure y Anne Carson***

*Essay as a discursive shift in current Galician and Canadian poetry.*  
*Chus Pato, Erín Moure and Anne Carson*

Alba CID FERNÁNDEZ  
alcife@gmail.com; alba.cid.fernndez@rai.usc.es  
Universidade de Santiago de Compostela

**RESUMO**

Nos difusos lindes da produción poética creadora e crítica actual constátase unha notable inclinación polas estratexias do non-lírico, a hibridación enunciativa ou o carácter arquixenérico do fenómeno poético, capaz de acoller unha exposición do pensamento crítico de cariz ensaístico. A introdución dun ton argumentativo e até persuasivo, ligado por veces á narratividade ou á parateatralidade, subliña a proximidade dalgunhas poéticas ao discurso ensaístico, intelectualmente exploratorio, de resistencia, etc. De valorarmos un transvasamento entre trazos básicos do xénero ensaio á poesía recente cumpriría revisar aspectos como as modulacións do eu con respecto ao eu ensaístico, o avance palpábel e construtivo dunha reflexión persoal e autotélica, a lucidez sobre os límites da linguaxe e do coñecemento, a procura dun estilo ou a busca dun

lectorado crítico e cómplice, non contemplativo. A presente abordaxe apóiasi de modo comparatista na obra de varias produtoras internacionalmente recoñecidas: a galega Chus Pato e as canadenses Erín Moure e Anne Carson. As tres son poetas e ensaístas, con abordaxes híbridas e interdiscursivas do fenómeno poético significativamente aptas para a análise da cuestión anteriormente presentada. Alén diso, e desde un punto de vista sistémico, convén analizar a súa recepción e o seu dinámico posicionamento, que adoita camiñar desde as marxes e o «campo de producción restrinxida» até a canonización.

**PALABRAS-CHAVE:** poesía, ensaio, hibridación, poesía non-lírica, poesía ensayística, literatura comparada, Chus Pato, Erín Moure, Anne Carson

#### RESUMEN

En los difusos límites de la producción poética creadora y crítica actual se constata una notable inclinación por las estrategias de lo no-lírico, la hibridación enunciativa o el carácter arquigenérico del fenómeno poético, capaz de acoger una exposición del pensamiento crítico de cariz ensayístico. La introducción de un tono argumentativo e incluso persuasivo, ligado por veces a la narratividad o a la parateatralidad, subraya la proximidad de algunas poéticas al discurso ensayístico, intelectualmente exploratorio, de resistencia, etc.

Si valorásemos un transvase entre trazos básicos del género ensayo a la poesía reciente, sería necesario revisar aspectos como las modulaciones del yo con respecto al yo ensayístico, el avance palpable y constructivo de una reflexión personal y autotélica, la lucidez sobre los límites del lenguaje y del conocimiento, la búsqueda de un estilo o la búsqueda de un lectorado crítico y cómplice, no contemplativo. El enfoque presente se apoya de modo comparatista en la obra de varias productoras internacionalmente reconocidas: la gallega Chus Pato y las canadienses Erín Moure y Anne Carson. Las tres son poetas y ensayistas, con abordajes híbridos e interdiscursivos del fenómeno poético significativamente aptos para el análisis de la cuestión anteriormente presentada. Además de eso, y desde un punto de vista sistémico, conviene analizar su recepción y su dinámico posicionamiento, que suele caminar desde los márgenes y el «campo de producción restringida» hasta la canonización.

**PALABRAS CLAVE:** poesía, ensayo, hibridación, poesía no-lírica, poesía ensayística, literatura comparada, Chus Pato, Erín Moure, Anne Carson

#### ABSTRACT

In the blurred boundaries of current creative and critical poetic production, we can confirm the existence of a significant tendency towards non-lyrical strategies, as well as an inclination towards enunciative hybridization or towards the archigenrical aspect of the poetic phenomenon that is capable of aligning an exposition of critical thinking with an essayistic tone. The incorporation of an argumentative tone, or even a persuasive one, sometimes linked to narrativity and dialogism (e.g. dramatizing), underlines the proximity of some poetics to essay discourse, intellectually exploratory, of resistance, etc.

If we choose to accept that there is truly a transferral of the basic aspects of the essayistic genre to recent poetry, then it would be necessary to rethink aspects such as the modulations of the poetic I in relation to the essayistic I, the palpable and constructive advance of a personal and autotelic reflection, the lucidity about limits of language and

knowledge, the search for a style or the search for a critical, complicit, but non-contemplative readership. This critical analysis will compare the works of various well-known international writers: the Galician Chus Pato and the Canadian Erin Moure and Anne Carson. All three are poets and essayists, with hybrid and interdiscursive ways of tackling the poetic phenomenon that are significantly apt for an analysis of the question previously presented. Moreover, and from a systemic point of view, it is appropriate that we analyze their reception and their dynamic positioning in the literary field, that usually marks a movement from the margins and the «field of restricted production» to their canonization and centrality.

**KEYWORDS:** poetry, essay, hybridization, non-lyric poetry, essayistic poetry, comparative literature, Chus Pato, Erín Moure, Anne Carson

## 1. Introducción

As consideracións que se desenvolven neste traballo son, polo que aos puntos clave respecta, dependentes dun traballo previo, presentado na conferencia anual (2013) do Consorcio Hermes. Nun marco atento ao hibridismo xenérico —«New Worlds, New Literatures, New Critics»—, a miña reflexión, baixo o título «The Poem as Essay. A Comparative View in Current Galician and Canadian Poetry», estudiaba os puntos de encontro entre poesía e ensaio, analizando que trazos discursivos do ensaio subxacen á poesía contemporánea e até que punto aquel podería considerarse unha categoría reveladora no estudio desta. Porque máis alá da intuición destas sinerxías, si parece plausíbel aceptar a condición do ensaio como xénero basilar da reflexión moderna, transversal a distintos xéneros e directamente ligado ao coñecemento da lingüaxe e á formación do pensamento.

A presente reflexión ten dúas cernas. A primeira, basilar, parte da teoría do ensaio, xa que nos apoiamos nas poéticas clásicas que sobre el existen —Lukács, Bense, Adorno—, así como na producción teórica de determinados especialistas —como Pedro Aullón de Haro nun contexto peninsular—, para testar os puntos de confluencia deste xénero coas formas poéticas actuais. A segunda, valora como exemplo paradigmático a obra de Chus Pato —Ourense, 1955—, nome inescusábel na renovación poética do sistema literario galego. Unha parte significativa da súa obra última —correspondente á pentaloxía completada *Decrúa*— está traducida ao inglés en Shearsman Books por Erín Moure. A segunda produtora na que reparamos para esta reflexión é a propia Erín Moure —Calgary, 1955—, poeta, tradutora e ensaísta canadense. Malia a ser a primeira Premio da Crítica Española en 2009 e a segunda tres veces finalista do Griffin Poetry Price, ambas se moven entre o recoñecemento de

pares e institucións e un posicionamento nas marxes. Comparten, así mesmo, unha similar recepción crítica, sendo cualificadas como «herméticas» ou «difíciles» en reiteradas ocasións, aspecto que debe poñerse en correlación coas súas escritas, de dimensóns arquixenéricas e resistentes ao compoñente utópico da linguaxe poética. A carón destes dous piares, que gardan múltiplas semellanzas no plano da figura autorial e manteñen intercambios persoais, terei presente como terceiro exemplo a Anne Carson —Ontario, 1950—, outra poeta, tradutora e ensaísta canadense cunha clara recorrenza ao ensaio dentro da súa obra.

## 2. O poema como ensaio

Aínda sendo conscientes da continuidade de certos trazos do «lírico» na poesía contemporánea, é claro que atopamos nela constantes apostas polo hibridismo e a resistencia a taxonomías xenéricas. Do mesmo modo que existen ensaios escritos en forma aforística, que o *Essay on Criticism* de Alexander Pope foi escrito en verso e se ten cualificado de «ensaístico» certo tipo de cinema —coma o *cinéma vérité*, de Chris Marker—, etiquetas como «poesía ensaística», «poesía de tese» ou a más habitual «poesía do coñecemento» circulan, desde hai décadas, cunha naturalidade dubidosamente parella á súa fixación ou reflexión teórica. Como adiantamos, talvez sexa desde o prisma do ensaio, o xénero do pensamento crítico por definición, desde onde mellor se poden entender algunas das formulacións da poesía última. Co desexo de cinguir a problemática cumpriría cuestionar aspectos como a figuración do eu en relación co eu ensaístico, o interese na reflexión sobre o colapso e os límites do pensamento e a linguaxe, a irrefutabilidade dos resultados ou a busca dun lectorado cómplice e non contemplativo, que desvende e acompañe o proceso de creación e pensamento, entre outros. Salientamos e desculpamos, desde este primeiro momento, a apertura e proxección doutros temas, que poderían gozar dun tratamento desgaxábel: unha conciencia do enlace entre obra poética e acción no plano social e político, un repensamento da figura da ou do intelectual na sociedade contemporánea e a relevancia dun especial manexo da oralidade, intertextualidade, dialoxismo, heteroglosia ou polifonía dentro do repertorio poético. Alén disto, cabería considerar até que punto unha condición transartística ou transxenérica —como a que aquí propoñemos observar— permite avaliar a saúde, as características ou as mudanzas dun sistema literario, sexan estas as razóns de novas condicións de producción, sexan a recepción ou a intervención.

## 2.1. Os límites do coñecemento

Sobrepoñéndonos á dificultade dunha abordaxe inicial da poética do ensaio, partiremos aquí da consideración abarcadora de Theodor Adorno, quen cifrou o xénero como a representación dun proceso interpretativo. Nel, un suxeito semiotiza o mundo e translada a súa mirada activa sobre este, mais ofrece tamén o proceso do diálogo intelectual despregado no texto: énos permitido observar a construcción do pensamento *in fieri*. No século xx, foi esta unha das características que máis nitidamente axudou a percibir poesía e ensaio como dous ámbitos paralelos pero non mesturábeis. De modo algo maniqueo, a estratexia de produtores franceses como Claudel ou Bonnefoy enunciábase con «facer ensaísmo para non cegarse, unha obriga do poeta moderno. E poetizar, unha das formas que o ensaísta ten de ceder os seus dereitos ao desexo imaxinario» (Zubiate en Glaudes 2002: 384). Unha ollada demarcadora, que podemos confirmar pola alternancia de publicacións relevantes nun e noutro xénero, sen mesturas. No entanto, hoxe non sorprende que no momento en que establecemos unha ponte coa práctica de escrita poética contestaria e reflexiva de Chus Pato atopemos declaracións tan concomitantes coa definición previa de Theodor Adorno como «o poema é unha construcción en continuo movemento» (Proxecto Derriba 2010: 74).

No ensaio, ese avance que se produce *in fieri*, cun esforzo case performático, podería facernos recuperar ao W. H. Auden de «How Do I Know What I Think until I See What I Say?», que dialoga parcialmente co Montaigne de «Je n'ai pas plus fait mon livre que mon livre m'a fait». A actitude da «tentativa» conecta coa realidade do traballo en «proceso», do senso experimental e progresivo. Esta «tensión discursiva» que o ensaio mantén, vai da man de consideracións sobre a «revelación» implícita ao acto de escrita que poden resultarnos familiares, como a promesa que J. A. Valente incardinaba no feito poético ao considerar a existencia dun coñecemento que, en primeiro lugar, a quien se comunica «es al poeta en el mismo acto de la creación» (Valente en Ferrari 2010: 6). Esta conciencia da creación de sentido por medio da expresión poética móstrase en aseveracións como «dentro do libro hai un territorio onde emerxen os asuntos que non se poden controlar e que esixen ser expresados», de Anne Carson (2007: 372), se ben non deixa de ser curiosa a preferencia manifestada pola autora, que nunha entrevista a D'Agata, defendeu que a súa idea de ensaio era dependente do modelo ciceroniano en canto a directa e desexosa de comunicar algo, non tan ligada coas auto-revelacións e vagabundeos recursivos de Montaigne (Scroggins 2002: 136).

En última instancia, e de modo liberador, a racionalidade do ensaio non está condicionada por ningunha demostración experimental ulterior, posto que é autotélica, válida por si mesma. Obsérvese que para abrir as súas *Meditaciones*, Ortega y Gasset comentaba: «No son filosofía, que es ciencia. Son simplemente unos ensayos. Y el ensayo es la ciencia, menos la prueba explícita» (Aullón de Haro 1992: 10). A liberdade na interpretación e exposición de conclusóns é tan ampla no ensaio como a evocación dos referentes: igual que na poesía, a alusión, a connotación ou a imprecisión conceptual non só non son puníbeis, senón que teñen unha notoria rendibilidade. Ademais, se todo dicir é un querer dicir —en palabras do poeta e ensaísta Tomás Segovia (Segovia en Weinberg 2012: 13)— e «non creas sentido para ti mesma, creas sentido para dícirlo a outra persoa» (Carson 2007: 375), a escrita ensaística confirma unha vontade comunicativa e disidente en relación co inoperante exceso de comunicación das nosas coordenadas. De feito, a crítica á sociedade da información é explícita no discurso de Chus Pato: «[...] a comunicación está totalmente colapsada [...] é como se a comunicación fose tan grande que saturase dalgunha maneira a posibilidade de dícir» (Pato 2000: 112), e é esta multitud, este barullo informativo un dos aspectos que provoca a incomunicabilidade do poema.<sup>1</sup>

Polo que ás filiacións clásicas do ensaio respecta, desde o idealismo romántico inglés con autores como P. B. Shelley, conectar poesía e pensamento é unha constante, como recollerá Yves Bonnefoy: «La poésie n'est rien d'autre [...] qu'un acte de connaissance» (Maulpoix 2005). Un dos ámbitos sólidos deste coñecemento, que funciona como denominador común potente entre as autoras que nos ocupan, é a filosofía, para a cal o ensaio se torna espazo propio ou corpo vivente, en opinión de Michel Foucault. No entanto, xa celebraba en 1910 Lukács que malia a esta concomitancia, malia á posibel reordenación conceptual do existente por medio do ton ensaístico, conviría manterse lonxe da «perfección xeada e definitiva» da filosofía. Por tras dos versos galegos e dos canadenses atópanse lecturas de filosofía, nunha «porosidade» coa propia obra que as autoras teñen confirmado en diferentes aparicións públicas como «placenta», «cova» ou «sonosfera» que axuda á súa proposta creativa. E con semellante cadencia, diversas ordes simbólicas, mitolóxicas, históricas e literarias son convocadas ao xogo irónico e lúcido destas tres propostas poéticas.

<sup>1</sup> En coordenadas espaciais moi diferentes, pero tamén na actualidade e partindo dunha idea de «lingua ocupada», posicionándose fronte á lírica romántica e cunha liña ideolóxica clara opera en Latinoamérica a Poesía Civil de Sergio Raimondi.

Poderíamos falar dunha «superabundancia de orixes, desde os distintos niveis do real», definición que o crítico Claudio Guillén daba ao concepto de «polixénese». A condición polixénésica dos versos destas autoras é clara, cun interese amplio por diversas disciplinas e formas culturais, alén das literarias.<sup>2</sup>

Polo que respecta á escolla temática, boa parte dos puntos centrais de reflexión ensaística ao longo da carreira poética da autora galega son compartidos polas produtoras canadenses, coma o procesado crítico da cultura, a relectura dos cánones literarios herdados e o establecemento de diálogos que lles permitan estear a súa propia xenealoxía, a súa estirpe, que pode ir de Méndez Ferrín a Paul Celan, Safo ou Akhmátova, segundo latitudes. A toma de conciencia da natureza do pensamento e da linguaxe —non só da literaria—, a pulsión por derrubar os límites da linguaxe no texto tamén está presente, con diferentes mecanismos, en todas elas. A modo de exemplo, Anne Carson dá, por veces, preferencia ao pretendidamente autobiográfico, narrativo, ou á relectura de autores e conceptos culturais desde a tradición clásica greco-latina. Erín Moure creou a figura de Elisa Sampedrín, do mesmo xeito que ficcionaliza unha personaxe escritora á que se dirixe, «Chus», ou reflexiona sobre a subxectividade e a experiencia da guerra en *The Unmemntioable*. Chus Pato ten subliñado a conciencia feminista e nacional, cuestiós ligadas á presenza social da autora.

Outra das filiations recoñecíbeis do ensaio é ser este «o xénero e o discurso más eminente da crítica e da interpretación, da esexética e a hermenéutica» (Aullón de Haro 1992: 24), formas todas estas que, en boa medida, presupoñen e delinean modos operativamente similares, recoñecíbeis, de reflexión discursiva. Estas dinámicas de pensamento conteñen en si a inesgotábel actividade dunha dialéctica interior, parella á construcción progresiva que enriba citamos. Considerando esta ligazón da teoría literaria co ensaio, Pedro Aullón de Haro, no seu libro *Teoría del ensayo*, cre que podemos buscar nas orixes un fenómeno «supraensaístico»: o poema de contido teórico, como a Epístola de Horacio aos Pisóns. Nel dáríase unha «suprema» converxencia de teoría e arte. Non nos cabe dúbida de que este mesmo estudoso valoraría o exercicio crítico, o «supraensaísmo» que algúns dos poemas das nosas autoras recollen. Anne Carson, que posúe unha longa traxectoria como ensaísta, insire nos seus libros de poesía ensaios ao uso, en partes finais —como acontece en *Plainwater* ou *Glass, Irony and God...*— mais tamén poemas titulados «Essay

<sup>2</sup> Da bioloxía ás instalacións de Anish Kapoor en Chus Pato, ou á presenza da écfrase en Anne Carson.

on...». Un dos exemplos más lúcidos e representativos do proceder da autora, así como do seu uso da tradución como principio e método de traballo e da ensamblaxe de coñecemento académico e creación é o poema «Essay on What I Think About Most», onde revisa criticamente a noción de «erro» na metáfora desde a *Retórica* de Aristóteles. O poema ten todos os atributos dun ensaio —estilo expositivo, citas, referencias...— pero, como acontece adoito na producción de Anne Carson, vence unha sorprendente nota persoal. Anne Carson expón que as metáforas, coma os erros, coma o trazado dun pincel, parecen expresar dúas ideas contrarias ao mesmo tempo, e aí xorde a fascinación, a aprendizaxe:

#### ESSAY ON WHAT I THINK ABOUT MOST

[...] In what does the freshness of metaphor consist?

Aristotle says that metaphor causes the mind to experience itself  
in the act of making a mistake.

He pictures the mind moving along a plane surface  
of ordinary language  
when suddenly

that surface breaks or complicates.

Unexpectedness emerges.

[...] From the true mistakes of metaphor a lesson can be learned. (Carson 2007:  
74<sup>3</sup>)

Chus Pato, que observa as capacidades e rémoras da metáfora desde outro punto de vista, detívose en repetidas ocasions no monopolio homoxeneizador desta, e achégase con frecuencia a esa calidade «supraensaística» enunciada por Pedro Aullón de Haro. A impregnación de coñecemento «académico» ou «construído» na revisión de conceptos como «metáfora», «musa» ou «poeta» é unha constante na producción da autora, e un dos espazos de clara intervención crítica ante concepcións herdadas ou impostas institucionalmente: «Pénsase sempre en contra da institución» (Proxecto Derriba 2010: 78). «A partir de agora o poema nada anuncia» (Pato 2004: 115), e a metáfora é, as máis das veces, unha institución establecida desde un poder, igualada simbolicamente á monarquía (Pato 2000: 81). Desde esta perspectiva, ceder aos fastos, ou a unha transcendencia elitista que se recree demasiado na imaxe, sería actuar

<sup>3</sup> Resulta significativo que, mentres «essay poems» coma este son aceptados con total normalidade, ante a inclusión de ensaios tradicionais nun mesmo volume, a crítica reaccionou de dous modos. Pode ignoralos ou diferencialos ben, remarcando o desexo que a autora manifesta de incluílos aí, ou pode lamentar a súa contigüidade co «traballo poético», con apuntamentos coma o seguinte: «So far as I'm concerned, Carson should keep such work out of her poetry books» (Scroggins 2002: 135).

de modo connivente con diversas formas de control, ou simplemente optar polo museístico, polo que xa non comunica. Esta actitude é puramente ensaística desde o ollar de Max Bense, quen consideraba o xénero como a forma da categoría crítica do noso espírito. A modo de exemplo deste proceder «supraensaístico», podemos ver como Chus Pato revisa a historia literaria galega moderna e efectúa un xogo xenealóxico persoal, que eclosionará finalmente cunha reivindicación sociohistórica e feminista, en:

Xeración das festas Minervais – sen vínculo de sangue  
Nai – promoción de enlace  
Pai – xeración do 36  
Avós – vanguardistas  
Avoas – sen letras  
\*\*\*\*\* (Pato 2004: 121)

Enlazando con este último exemplo, prodúcese unha especie de equivalencia entre conflitividade xenérico-literaria e reflexo dunha actitude de conflito xeral da vida e da cultura. Isto é: Pato, Moure ou Carson son autoras cunha perspectiva problematizadora e coherente en diferentes ámbitos vitais. Anne Carson, explicando que é o que intenta ensinar ao seu alumnado, cita a Gertrude Stein con «actúa para que o centro non sirva de nada» (Carson 2007: 376). O desprazamento parece ser a xogada crucial, e a profesora de Clásicas celebra que tamén a tradución lle impóna permanentemente un deslizamento desde a «posición de autocomplacencia» coa que miramos o mundo (2007: 371). Moi de acordo estaría Erín Moure, que parte dunha concepción do feito tradutor como un feito político, e os textos que escribe para presentar as traducións de Chus Pato, dirixidos ao ámbito de recepción anglófona, poden considerarse verdadeiras mostras de autocrítica cultural, que tamén testemuñan procesos de incorporación identitaria e unha total apertura ás posibilidades do poético. E a autora galega, como vimos presentando, ten un posicionamento político claro, visíbel en fragmentos críticos co efecto fagocitador do capital ou na conciencia lingüística, aspecto clave nunhas coordenadas culturais de lingua minorizada con constante debate sociolingüístico, como presenta o xa célebre:

A LINGUA, calquera LINGUA NO CAPITAL, tende ao esvaeamento, tende a converterse en algo que se consume. En algo que xa non PRODUCIMOS os falantes, senón o CAPITAL, no seu intento de privatizarnos, PRODUCE PARA NÓS (Pato 2000: 21)

## 2.2. Os límites da subxectividáde

Atendendo á progresión do pensamento persoal, unha das paridades entre ensaio e poesía é que o «punto cero» esperábel en ambos é un posicionamento non-falsario na figura do eu. Ambos os produtos se crean desde a subxectividáde, e este alicerxe na primeira persoa posúe a forza suficiente para permitir afirmar a algúñ teórico (Pozuelo Yvancos en Cervera *et alii.* 2005: 181) que a autoconsciencia que Montaigne ten dos xéneros ao uso fai emerxer, en pleno século XVI, unha nova norma histórico-literaria, que el enuncia como a «escrita do eu» («escritura del yo»). Malia a todas as mudanzas —especialmente as que afectaron ao concepto do «suxeito poético», inicial heranza filosófica e crítica do Romanticismo alemán—, difícilmente pode negarse á poesía a súa capacidade histórica e cultural para converterse nun espazo privilexiado de institución dun suxeito e un sentido, como tampouco pode negarse á escrita a súa capacidade para servir a un proxecto de autolexitimación —Rousseau, por exemplo—, por diversas e culturais que resulten as modulacións da intimidade. No entanto, o «eu» escribe tamén contra a ameaza que provén da súa singularización, por iso logo dunha subxectividáde lírica, introvertida, narcisista, en cuxo campo de posíbeis non se concibe a ficción e o artificio, xorde o cuestionamento da individualidade e a autenticidade, os ideais da poesía impersonal ou obxectiva, a blanchotiana posibilidade do «neutro» ou unha nova tematización da autoría. Así, por máis que atendamos a un despugue de referencias biográficas, o texto non se subxuga ao mito da obxectividáde documental ou ao tradicional confesionalismo, que tanto a citada crise do suxeito poético como a excéntrica multiplicidade de voces nestas autoras dilapidan ironicamente. Quizais esclarecedora a este respecto é a reflexión metaliteraria «sobre o suxeito lírico da enunciación poética» que Chus Pato introducía no poemario *m-Talá*, onde sinalaba: «non xa —identificalo— como unha ou calquera das persoas da verbalización senón un límite da linguaxe, baleiro, en todo caso arrepresentativo ou afigurativo e que desde aquí desprega un proceso de verdade que desblinda as palabras» (Pato 2000: 66). Expresado doutra maneira, ao non asimilar o poético aos lindes do intimismo<sup>4</sup>, as obras negocian e lidan cos parámetros herdados, dan paso á ficcionalidade e á posibilidade de múltiples mímeses. Nos poemas —se pugnamos, como estas autoras, porque este título conserven— non paira unha voz única, senón que se tece un «dispositivo de voces», empregando un sintagma de Iris Cochón (Cochón en Pato 2003: 10).

<sup>4</sup> Anne Carson ten manifestado en múltiplas ocasións o seu desagrado pola autobiografía, e mesmo o seu desexo de desenraizarse dela —«uproot it»— (Hainley 1995: 2).

Dando a man aos versos de Paul Celan que abren a parte primeira de *The Unmemntioable* (2012) «O país da túa nai vaga/ por todas partes, como a lingua xe», o proxecto de Erín Moure é extremadamente orixinal no que ao traballo co autobiográfico ou o vivencial —aproximación a outra(s) cultura(s)— se refire. Pero a estratexia, neste último libro de Erín Moure —centrado na cultura, na memoria e na natureza da Experiencia—, pasa por renovar o xogo de desdobramentos e o límite autoficcional, sen que iso implique un retorno á dicción lírica tradicional ou á presenza do suxeito na estela romántica. Moi ao contrario, un poema que versa sobre a subxectividade acabará coa sentencia: «Je n'ai pas de vie intérieure, c'est le monde qui m'intéresse» (Moure 2012: 23). E en canto a Anne Carson, extremadamente reservada coa información persoal que sobre ela aparece<sup>5</sup>, ¿non semella máis ben azaroso o elemento —decatárense de que tiñan o mesmo xersei ao ver as fotos dunha entrevisita— que a leva a transformar a Catherine Deneuve nunha sagaz profesora de linguas clásicas nun xogo autoficcional, no poema «Irony Is Not Enough: Essay On My Life As Catherine Deneuve»? (Carson 2007: 274-292). En definitiva, como Robert Musil teorizou, transladando o problema do ensaio como un problema existencial, a persoa está na cerna mesma do ensaio porque é consciente do obstáculo que constitúe a expresión persoal para a autenticidade da representación, e ao mesmo tempo sabe que ela é a única defensa á ocultación da realidade polo narcisismo, a condición de alteralo, de cuestionalo (Musil en Glaudes 2002: 400).

### 2.3. Os límites da expresión

Outra das marcas xenéricas —neste caso, de carácter retórico— que adoitan adscribirse ao ensaio é a persoal busca de estilo, idealmente ligada a unha expresividade natural, á imaxe da decidida renuncia de Montaigne á afectación latina. En palabras de Lukács, mentres que a poesía lírica tradicional recibe a súa forma do destino, e só así, no ensaio a forma faise destino ou principio de destino, resemiotízase. Se quixésemos buscar unha emulación contemporánea da naturalidade de Montaigne, poderíamos afirmar que nas tres autoras que nos ocupan é rastrexábel a «oralidade», a sintaxe sincopada, etc. A súa familiaridade con trazos «non-líricos», persistentemente marxinalizados, é tamén significativa. Por exemplo, marcan a diversidade de xénero, insiren citas en múltiplas linguas —do ucraniano ao castelán<sup>6</sup>— ou textualizan o silencio,

<sup>5</sup> É coñecida a súa insistencia en incluír unicamente nas lapelas das súas obras a frase «Anne Carson was born in Canada and teaches ancient Greek for a living».

<sup>6</sup> Mención á parte merece aquí o xogo de duplicacións, traducións, retrotraducións —como salienta María Reimóndez, tradutora de Erín Moure ao galego— ou incorporacións galego-inglés

os ocos, creando unha fisura á que se enfrenta a lectora ou lector —procedemento ao que Túa Blesa chamou *leucós*—. Utilizando outro termo do mesmo crítico, as autoras chegan tamén a unha «linguaxe logofáxica», deconstruída —altazorianamente— no propio momento da creación, inventada ou permeada de guións e puntos suspensivos. Este uso variado dos signos de puntuación ou dos espazos, a modo de corte do discurso, silencio ou símbolo transcendente, a carón dunha peculiar disposición textual e da inserción de elementos gráficos<sup>7</sup>, é unha estratexia contigua a outras estratexias de estrañamento e cuestionamento, que obrigan a deter a lectura e reconsiderar significados.

Nun plano máis formal, Theodor Adorno aludía no seu texto teórico sobre o ensaio á heteroxeneidade e fragmentación, aos que daba carta de validez desde Montaigne. En tal defensa apóiese o libérrimo posicionamento autorial, que non precisa atender á totalidade ou exhaustividade para servir á verdade. Perfilase un xénero da «tentativa», do «ensaiar» ou «testar» os límites persoais do coñecemento. Moi consciente disto semella Anne Carson que, tras coincidir con Chus Pato na imposibilidade do poema nos nosos días, recoñece que o instinto poético permanece, indelebelmente humano, e que ela decide «canalizar o instinto en ensaios, porque ‘ensaio’ significa un intento, e iso é canto pudo dicir que fago» (Hainley 1995: 2). Este apuntamento sobre a fragmentación é rendíbel no noso exercicio comparativo: a extensión habitual dos poemas non permite revisións pormenorizadas, pero si deixa espazo á anotación, ao diálogo por medio da cita ou á formulación proverbial. A condición de apuntamento obsérvase na epígrafe «ELISA SAMPEDRÍN some bits on Little Theatres» en *Teatriños* de Erín Moure e en *The Unmemntioable*, en introducóns como «anotacións marxinais no caderno dunha transeúnte», de Chus Pato, ou moi especialmente ao longo de *Men in the Off Hours*, onde sintomática me parece a condición de borrador («1st draft», «2nd draft») que algúns dos textos de Anne Carson exhibe, así como a recuperación e ampliación de series de poemas.

Por outra banda, ao longo de toda a produción destas autoras faise visíbel o desexo de confrontar textos de diferentes autores e épocas para extraer unha

---

que a autora ten practicado de modo moi significativo. A simple cita dalgúns versos no orixinal resultará ilustrativa deste efecto de alleamento —para anglofalantes— e de recoñecemento e sorpresa —desde as nosas coordenadas—, combinada coa reflexión sociolingüística: «Such a pained way of coming into language/ your linguaxe/ opening my throat our entry/ (un petroleiro afundido no mar)/ (e o mar doente de carbón)» (Moure 2007: 136).

<sup>7</sup> Un tratamento individualizado merecería *Nox* (2010), de Anne Carson, verdadeiro libro-obxecto, totalmente pregado en acordeón e coa reproducción en cor de fotografías, fragmentos mecanografiados, cartas, apuntamentos e as entradas de diferentes diccionarios de latín, esmiuzando o fragmento da elexía de Catulo ao seu irmán coa que todo o volume dialoga.

resposta complexa. A modo de exemplo, Anne Carson destina unha sección do poemario a dialogar con citas d'*As confesións* de San Agustín —que permanecen no fondo da páxina— ou, da combinación de fragmentos de cartas entre Emily Dickinson e Thomas Higginson (2007: 35), extrae unha conclusión sobre o silencio feminino, que dirixe á poeta. Nos textos de Chus Pato tamén é habitual a introdución de citas non filiadas, por veces pertencentes á historia literaria galega, cuxo enfrentamento constrúe un sentido superior, complexo, en moitas ocasións irónico e especialmente significativo a ollos da cultura de orixe. Como se intúe, partindo desta acumulación de materiais, unha das estratexias ás que as autoras recorren é a xustaposición de elementos, con frecuencia peneirados en función da súa disparidade ou distancia —cultural, temporal, de rexistro ou ámbito...—. Na célebre novela en verso de Anne Carson, *Autobiography of Red* (1998), reinterpretanse os fragmentos de Estesícoro —poeta do século séptimo a. C.— dotando a Xerión dalgunhas das características dun adolescente da nosa contemporaneidade, namorado de Hércules. E a serie «TV Men», iniciada en *Glass, Irony and God* e con continuación en *Men in the Off Hours*, constrúe discurso e imaxes sobre Safo, Artaud, Tolstoi ou Tucídides en conversa con Virginia Woolf.<sup>8</sup> Tal como deixamos adiviñar en epígrafes anteriores, a incorporación da tradición literaria na obra das tres autoras non só dá paso á reflexión teórica, senón que se incardina de modo natural, como un dos materiais dispoñíveis en calquera estadio. É isto o que posibilita que, no nivel propiamente ficcional, un Lázaro bíblico cite *Guerra e paz* (en *Men in the Off Hours*); que o eu poético nos translade anécdotas sobre a lectura da biografía de George Eliot (2007: 56-57) ou que en *Glass, Irony and God* (1995), Carson entrelace consideracións e aconteceres cotiás plausibelmente autobiográficos coa lectura e reflexión sobre a vida e obra das irmás Brontë.

De procurarmos dar resposta ao suposto «hibridismo» xenérico —con respecto ao par ensaio-poesía e non só—, somos conscientes de que a contaminación xenérica, que era valorada de modo abertamente positivo xa nas teorizacions románticas —fose da man de Víctor Hugo, Lessing ou Schiller—, é constantemente recuperada na descripción do posmoderno. No noso caso, terriamos que considerar tanto posicionamentos ideolóxicos persoais como unha sorte de magma epochal que a continuación presento. En canto aos primeiros,

<sup>8</sup> Como Scroggins salientou (2002: 130), esta estratexia é de selo modernista, e non difire en exceso da decisión dun Joyce retomando a Odisea, pero é empregada coa sagacidade suficiente para resultarnos evocadora e sorpresiva á vez.

semella incuestionábel que para as autoras —enunciado de modo más explícito en Chus Pato e Anne Carson— a concepción e escolla do xénero non se circunscrebe a un desexo de experimentación formalista ou a un vanguardismo desmotivado, impóndose a percepción do xénero ben como unha ferramenta, ben como unha arma: un repertorio non aséptico, moldeador de conciencia, expectativas e coñecemento a nivel colectivo. Se Chus Pato respondese a Borges, cando este defendeu o xénero como unha «forma de ler», e non «unha forma de compor», podería facelo cun fragmento dun poema de *m-Talá*, onde se expón:

En definitiva, o Poema subsume dentro de si o mundo —nada novo enunciamos—. De aí a súa ficcionalidade, a súa viaxe seguida cara, por exemplo, ao país dos oráculos sen chegar a ser oracular, nin profético (hoxe en día son imposibles os oráculos); cara ao país da Epopea sen retorno feliz cara a ningún sol natal; cara ao país dos conceptos sen que lle ocorra a tentación ihorror dos horrores! dun sistema; cara ao país das narrativas sen naturalmente chegar a relatar ningunha historia, dos discursos científicos ou non; cara ao drama e a autonomía das diferentes voces que o compoñen, e como non, cara ao país da cultura de masas, é dicir dos subxéneros literarios. (2000: 66)

Porque «a forma xorde da cousa mesma» (Carson 2007: 366) e a concepción do «poético» nestas autoras é alongada, como levamos exposto. Ademais, a poesía con cariz ensaístico toca tamén os límites doutras formas, desde o fragmento ao poema en prosa ou o exercicio de contención que o aforismo implica. Como exercicio contrario á imposibilidade da comunicación actual, se varias alternativas poden contrapórselle ao denso bombardeo de mensaxes da modernidade, unha delas é aproveitar todas as formas dispoñíbeis, entre as que se encontran os modelos de comunicación mediática, xa interiorizados. Trátase de non poñer límites aos discursos que poidan caber no poema, por precario que o procedemento pareza. É esta unha das solucións recorrentes en Chus Pato, especialmente visíbeis en *m-Talá* (2000) ou *Charenton* (2004), pero tamén en Anne Carson ou Erín Moure, cujas páxinas acollen unha panoplia de textos adscribíbeis a diferentes subxéneros. Pato, Moure ou Carson móstranlos desde epitafios pequenos e conceptuais, até traducións-adaptacións moi libres, mostras de diálogo, entrevista, texto dramático, texto académico, diario, carta de invitación, factura e apuntamentos ou anotacións esquemáticas. A xa citada serie de poemas «TV Men» revela a pericia de Anne Carson para mostrar a producción televisiva como un modelo formal máis, poñer a proba os seus límites no nivel textual e incluso burlar o seu poder, ao contrapoñer, no poema sobre Lázaro, a exactitude da transmisión do momento que a televisión ofrece aos frescos renacentistas de Giotto, preferindo estes últimos.

Polo que á segunda explicación do «hibridismo xenérico» respecta —a dimensión ligada ao *zeitgeist*, pero tamén á tendencia—, poderíamos sentirnos próximas das consideracións de Jean-Michel Maulpoix ou da interpretación de Antonio Méndez Rubio, que emprega o sintagma benjaminiano da «destrución da forma» para describir un momento crítico da poesía española lixeiramente anterior ao da producción que nos ocupa, o encadrábel na postidadura e transición.

Por último, non contamos co espazo nin as ferramentas necesarias, pero sabemos que obviar unha caracterización próxima ao sociolóxico sobre as figuras de Chus Pato, Erín Moure ou Anne Carson non faría máis que privarnos da enunciación de certas ligazóns. As tres autoras coinciden no rexeitamento das fronteiras entre a dimensión máis académica/teórica e a creadora, na busca dunha recepción activa —que repita «o reflexo do acto de pensamento» noutras mentes—, e na posesión dun capital simbólico complexo, cun maior peso inicial no «campo de producción restrinxida»<sup>9</sup> e unha considerábel canonización. Buscando o reverso das anteriores afirmacións, cabería pensar até que punto o modelo creativo que elas propoñen é «indicio» de determinadas dinámicas de campo. Por exemplo, no caso de Chus Pato: ¿como interpretar a súa rápida canonización como obrigada referencia dunha das últimas xeracións poéticas —a poesía dos 90—, aínda con todos os cualificativos «herméticos» da crítica na súa contra e as peculiaridades da súa adscrición xenérica? Ou... ¿sería correcta a interpretación de que unha maior emancipación do campo poético —como o galego, máis independente do campo económico— dentro do sistema literario, permite volumes máis arriscados?

### 3. Conclusións

Como tivemos a ocasión de comprobar coa análise das propostas postas en foco, é en obras lúcididas, conscientes do carácter creado do texto e do suxeito, que procuran recoller a acción do escrito, a súa rendibilidade semiótica, e cuestionan aspectos como a tradición ou a orde social, onde constatamos precisamente a intersección da poesía e o ensaio. Concordamos con Marjorie Perloff na detección dun mapa posmoderno de xéneros que responde tanto ao abandono do modelo tripartito do Romanticismo alemán como ao desexo de

<sup>9</sup> A traxectoria de Chus Pato énos máis próxima, mais polo que respecta ás autoras transatlánticas non é difícil atopar afirmacións como: «Carson enjoyed a kind of underground reputation for roughly a decade» (Rehak 2000: 38).

confronto con calquera normativa que prefigure esquematicamente os produtos. No entanto, o conxunto de formas de fronteira, ou propiamente de construtivas, segue a debuxar un sistema. Talvez privilexiando os trazos en negativo ou os espazos intersticiais, pero un sistema en todo caso, cuxas novas formas merecen atención.

En segundo lugar, nun alongamento das posibilidades do poema, puido observarse que as tres produtoras tratan calquera tipo de texto desde o convencemento de que a súa proposta poética terá o poder de traspasar calquera exposición lingüística ou formal. Como subliñaba Iris Cochón no prólogo á antoloxía traducida de Chus Pato, a súa resistencia cifrase desde a multiplicidade sorpresiva, o exercicio da acumulación: «hai, pois, ficcions, declaracions, multitudes, superación da subxectividade e unha estrutura nodular semellante aos circuitos de transmisión electrónica dos signos» (Cochón en Pato 2003: 11). Ademais, calquera das autoras acepta a impregnación e a transferencia de coñecemento, a idea de que «simplemente, todo se nutre, cruzadamente. As barreiras que a xente crea son tan innecesarias como inútiles» (Carson en Rehak 2000: 38). Cómpre avanzar, pois, na comprensión do fortalecemento do poema, e valorar se a diversidade (sub)xeñérica funciona como un contributo ou un apoio da condición ensaística.

Por último, polo que á visibilidade do ensaio respecta, quizais, como Francisco Jarauta, sexa necesario relacionar a atención a este xénero coa crise do relato e da novela e coa crise do pensamento teórico sistemático, isto é, a crise das certezas absolutas da ciencia e a filosofía que domina o fin de século. Inseridos nunha «rede infinita de linguaxes», e combatendo certas herdanzas a modo de rémora na poesía, constátase, pois, a inoperancia do poema, que derivaría nunha toma de conciencia da necesidade dun cambio xenérico ou arquixenérico. Por iso, além de repensar a inestabilidade funcional da poesía como xénero, aceptando a plasmación de novos suxeitos e subxectividades, a función do poético no espazo público e a intermedialidade, convén observar cal é a acollida e cal o lugar sistémico reservado ás formas emerxentes. Sendo aínda o ensaio ese «territorio colonial» dentro dos estudos literarios (Tinianov), pechamos esta sucinta comparativa aseverando a crecente incurción ou transvasamento de aspectos propios da poética do ensaio a diferentes «asaltos á poesía», nunha hibridación formal e repertorial á que xa é complexo atopar límites.

## BIBLIOGRAFÍA

- AULLÓN DE HARO, P. (1992). *Teoría del ensayo como categoría polémica y programática en el marco de un sistema global de géneros*. Madrid, Verbum.
- BALTRUSCH, B.; LOURIDO, I. (eds.) (2012). *Non-Lyric Discourses in Contemporary Poetry*. München, Martin Meidenbauer.
- BÜRGER, Ch.; P. Bürger (2001). *La desaparición del sujeto. Una historia de la subjetividad de Montaigne a Blanchot*. Madrid, Akal.
- CABO ASEGUINOLAZA, F.; GULLÓN, G. (eds.) (1998). *Teoría del poema: la enunciación lírica*. Amsterdam, Rodopi.
- CABO ASEGUINOLAZA, F. (ed.) (1999). *Teorías sobre la lírica*. Madrid, Arco Libros.
- CASAS, A. (2000). «Chus Pato: *m-Talá*». *A Trabe de Ouro*, 44, pp. 545-551.
- CASAS, A. (2011). «Producing World and Remnant: Dialogue with Chus Pato». En GRÄBNER, C.; CASAS, A. (eds.), *Performing Poetry. Body, Place and Rhythm in the Poetry Performance*. New York, Rodopi, pp. 133-150.
- CARSON, A. (1995). *Glass, Irony & God*. New York, New Directions.
- CARSON, A. (1998). *Autobiography of Red*. New York, Vintage Books.
- CARSON, A. (2007). *Hombres en sus horas libres*. Valencia, Pre-textos.
- CARSON, A. (2010). *Nox*. New York, New Directions.
- CARSON, A. (2013). *Red doc*. New York, Alfred A. Knopf.
- CERVERA, V.; HERNÁNDEZ, B. e ASUAR, M. D. (2005). *El ensayo como género literario*. Murcia, Universidad de Murcia.
- FERRARI, M. B. (2010). «Poesía del pensamiento en la España contemporánea». *Dissidences. Hispanic Journal of Theory and Criticism*, 6-7, 6.
- GLAUDES, P. (ed.) (2002). *L'Essai: métamorphoses d'un genre*. Toulouse, Presses Universitaires du Mirail.
- GOULART, R. M. (2010). *Poéticas do ensaio*. Braga, Centro de Literatura Portuguesa/ Universidade de Coimbra/ Universidade dos Açores.
- HAINLEY, B. (1995). «The Carson system – Plainwater by Anne Carson/ Glass, Irony and God by Anne Carson». *The Village Voice*. 10 de outubro de 1995, pp. 1-5.
- HERMO, G. (2008). «O proxecto *m-talá*. Teoría e praxe dunha nova concepción do arquixénero poético». *Dorna*, 32, pp. 115-122.
- MAULPOIX, J. (2005). *Adieux au poème*. Paris, José Corti.
- MAULPOIX, J. (2009). *Pour un lyrisme critique*. Paris, José Corti.
- MÉNDEZ RUBIO, A. (2008). *La destrucción de la forma (y otros escritos sobre poesía y conflicto)*. Madrid, Biblioteca Nueva.

- MOURE, E. (2005). *Little theatres, or, Aturuxos calados: poems = Teatriños, ou, Aturuxos calados: poemas*. Toronto, House of Anansi.
- MOURE, E. (2012). *The Unmemntioable*. Toronto, House of Anansi Press.
- PATO, C. (1998). «Autopoética». *Boletín Galego de Literatura*, 19, pp. 179-185.
- PATO, C. (2000). *m-Talá*. Vigo, Xerais.
- PATO, C. (2001). «*m-Talá*. Adeus á lírica» [entrevista de Ana Romaní]. *Dorna*, 27, pp. 111-114.
- PATO, C. (2003). *Un Ganges de palabras*. Antoloxía e tradución de Iris Cochón. Málaga, Centro de Ediciones de la Diputación de Málaga.
- PATO, C. (2004). *Charenton*. Vigo, Xerais.
- PATO, C. (2008). *Hordas de escritura*. Vigo, Xerais.
- PATO, C. (2009). *Secesión*. Vigo, Galaxia.
- PATO, C. (2013). *Carne de Leviatán*. Vigo, Galaxia.
- PERLOFF, M. (1990). *Poetic license: essays on modernist and postmodernist lyric*. Evanston (Illinois), Northwestern University Press.
- PERLOFF, M. (2002). *21st-century modernism: the new poetics*. Malden, Blackwell.
- PROXECTO DERRIBA (2010). «Conversa con... Chus Pato: “O tempo da rima pasou cando morreu Deus”». *Derritaxes*, Monográfico «Filosofía e literatura», 6, pp. 73-80.
- REHAK, M. (2000). «Things fall together». *New York Times Magazine*, 26, pp. 36-39.
- SCROGGINS, M. (2002). «Truth, Beauty, and the Remote Control». *Parnassus Poetry in Review*, 26.2, pp. 127-145.
- WEINBERG, L. (2002). «El lugar del ensayo». *CELEHIS–Revista del Centro de Letras Hispanoamericanas*, 24, pp. 13-36.

# **Outros *Bildungsromane* n’As mulheres de Tijucopapo de Marilene de Felinto e *Le Baobab Fou* de Ken Bugul**

**Otros *Bildungsromane* en As mujeres de Tijucopapo de Marilene de Felinto y *Le Baobab Fou* de Ken Bugul**

*Other Bildungsromane in Marilene de Felinto’s As mulheres de Tijucopapo and Ken Bugul’s Le Baobab Fou*

Carla FIGUEIRAS CATOIRA  
cfcatoira@gmail.com  
Universidade de Santiago de Compostela

## **RESUMO**

O *Bildungsroman*, xénero literario nado na Europa, foi reutilizado noutras partes do planeta e, en consecuencia, foi transformado e adaptado ás novas necesidades. As protagonistas dos textos de Marilene de Felinto, *As mulheres de Tijucopapo* (1992), e Ken Bugul, *Le Baobab fou* (1982), son dúas personaxes que forman parte dos grupos chamados «vulnerables» por seren mulleres, negras e pola súa pertenza a un determinado grupo socio-económico. Ambas son dous espellos da subalternidade emigrante e as súas historias vitais mostran a difícil relación que manteñen cos novos espazos que habitan. Temos aquí, en consecuencia, dous modelos *outros* de heroínas.

Son, inevitablemente, as representantes de grupos sociais moi pouco mostrados na literatura. E, en consecuencia, pouco abordados pola crítica. As autoras forman parte

das voces que emerxen dende os bordes para se incluíren nunha Literatura Mundial, produto dos intercambios e contactos políticos, culturais e sociais. As protagonistas que nos amosan son novas heroínas doutros pobos. O seu traxecto vital de aprendizaxe e formación consegue liberalas da opresión dos centros de poder, representados pola globalización e pola descolonización, ao realizar unha volta ás orixes. Este feito produce, como mínimo, unha reflexión acerca das consecuencias destes fenómenos históricos sobre os individuos e as sociedades.

**PALABRAS-CHAVE:** Bildungsroman, emigrante subalterno, Marilene de Felinto, Ken Bugul, perspectiva social, identidade, literatura mundial

#### RESUMEN

El *Bildungsroman*, género literario aparecido en Europa, ha sido reutilizado en otros lugares del mundo y, por lo tanto, ha sufrido transformaciones y adaptaciones debidas a nuevas necesidades. Las protagonistas de los textos de Marilene de Felinto, *As mulheres de Tijucopapo* (1992), y Ken Bugul, *Le Baobab fou* (1982), son dos personajes que forman parte de los grupos llamados «vulnerables» ya que son mujeres, negras y pertenecen a determinados grupos socio-económicos marginados y oprimidos. Son dos espejos de la subalternidad emigrante y sus historias vitales muestran la difícil relación que mantienen con los nuevos espacios en los que habitan. Se trata, en consecuencia, de dos modelos *otros* de heroínas.

Son, inevitablemente, las representantes de grupos sociales muy poco mostrados en la literatura. Y, efectivamente, poco abordados por la crítica. Las autoras forman parte de las voces que emergen desde los bordes para incluirse en una Literatura Mundial, producto de los intercambios y contactos políticos, culturales y sociales. Estas protagonistas son nuevas heroínas de otros pueblos. Con la ayuda de un viaje de vuelta a los orígenes, su trayecto vital de aprendizaje y formación conseguirá liberarlas de la opresión de los centros de poder, representados por la globalización y la descolonización. Este hecho produce, como mínimo, una reflexión acerca de las consecuencias de estos fenómenos históricos sobre los individuos y las sociedades.

**PALABRAS CLAVE:** Bildungsroman, emigrante subalterno, Marilene de Felinto, Ken Bugul, perspectiva social, identidad, literatura mundial

#### ABSTRACT

The *Bildungsroman*, a genre born in Europe, has been reused all over the world; therefore it was transformed and conformed to news necessities. The heroines of Marilene de Felinto's *As mulheres de Tijucopapo* (1992) and Ken Bugul's *Le Baobab fou* (1982), are part of these groups called «vulnerable groups» because they are women, black people and they belong to a social and economical group which is marginal and oppressed. They are the mirrors of the subaltern emigrant and theirs life plans show a difficult relationship with the new places where they are living in. They are so two *other* heroine models.

They are, necessarily, the representatives of some social groups hardly ever shown in literature and indeed, criticism doesn't tackle them. Authors are part of the voices emerged from the borders who try to include themselves in the World Literature, resulted of the politics, cultural and social exchanges and contacts. These two women are the new heroines of *other* people. Their vital project put into practice with a return back in their origins. Their life learning get them free of the oppressive center of power,

which is represented by the globalisation and the decolonization. This fact should do some reflection on the consequences that these historical process lead to individuals and societies.

**KEYWORDS:** Bildungsroman, subaltern emigrant, Marilene de Felinto, Ken Bugul, social perspective, identity, World Literature

## o. Introducción

No presente artigo proponse un estudo da transformación do Bildungsroman tomando como exemplo dúas obras que se inscriben, nun primeiro momento, na subalternidade literaria. Tratarase de poñer de manifesto os cambios da figura do *heroe* literario europeo transformado en *heroína* brasileira ou africana. Como no *Bildungsroman* europeo, as protagonistas son tamén persoas á marxe da sociedade que nos relatan o seu percorrido vital dende a infancia até a madurez, mais neste caso, a marxinalidade será tripla.

Brasil e Senegal son dous países moi distantes xeograficamente mais a realidade social pode estar ben próxima. Estas dúas novelas, *As mulheres de Tijucopapo* (1980) e *Le Baobab fou* (1982), son as primeiras publicacións das súas autoras, Marilene de Felinto e Ken Bugul, respectivamente. Nun momento de auxe da literatura escrita por mulleres, estas dúas escritoras poñen sobre o papel as historias de dúas rapazas que toman a palabra para criticar, reivindicar, rememorar, mostrar, contar e contarse. As súas vidas están marcadas polas viaxes, por longos camiños que percorrerán até atopar a liberdade e reconstruírse a si mesmas. Son dúas personaxes que forman parte dos grupos chamados «vulnerables» por seren mulleres, negras e pola súa pertenza a un determinado grupo socio-económico. Ambas son dous espellos da subalternidade emigrante e as súas historias vitais mostran a difícil relación que manteñen cos novos espazos que habitan.

Baixo unha óptica antropolóxica, as protagonistas están a vivir un proceso de transición<sup>1</sup>. Son dúas persoas separadas dende a infancia do seu grupo social e somerxidas nunha fase liminar. En condición de seres liminares, ocupan unha posición social ambigua no seu espazo cultural de orixe. Ao buscar a saída desta fase, inician unha viaxe. Nos seus novos espazos continúa este proceso, obrigadas a reflexionar sobre as súas comunidades, as sociedades alleas e a súa propia existencia. Estas travesías levaranás a afrontar diferentes relacóns e situacóns que as empurrarán a dialogar, combater, reconstruírse e decidir, a madurar. Só unha segunda viaxe conseguirá culminar o seu rito de paso.

<sup>1</sup> Cf. Turner 1988.

Neste estudo trátase pois de resaltar a maneira na que as novelas modifícan e forman parte da tradición das novelas de formación e da importancia da súa incorporación á literatura. A evolución da sociedade transforma o contido dos discursos e cambia as funcións literarias e sociais dun xénero que altera así a recepción e concepción do mesmo. Son pois, os xéneros, «constructions whose literary and social functions change depending on who defines them and when» (Bolaki 2011: 10). Porén, a esencia do «*Bildung*»<sup>2</sup> mantense ao adaptarse aos tempos, ás escritoras e escritores e sobre todo, ás personaxes que lle dan vida. Nun primeiro momento, farase un breve resumo das características do *Bildungsroman*. Seguidamente, presentaranse ambas autoras xunto coas súas obras e o contexto no que se inscriben. O obxectivo será o de mostrar as semellanzas e diferenzas destes dous percorridos vitais facendo fincapé na importancia da representación literaria destas experiencias sulbalternas e da transformación que provocan no *Bildungsroman* europeo. Así mesmo, suliñarase a función catártica e reivindicativa que ten a escritura dentro das novelas mesmas. Un último punto abordará as cuestións literarias e de identidade.

## 1. O *Bildungsroman*

O *Bildungsroman*, termo alemán dado ao xénero, é tamén coñecido como novela de aprendizaxe, de formación, iniciática, etc. Todas estas etiquetas fan referencia á base temática da trama: o relato dun desenvolvemento físico, moral, psicolóxico ou social dun individuo. Cántase a súa autoformación e evolución dende a infancia até a súa madurez. Como base, tómese a seguinte definición:

A *Bildungsroman* is, most generally, the story of a single individual's growth and development within the context of a defined social order. The growth process, at its roots a quest story, has been described as both «an apprenticeship to life» and a «search for meaningful existence within society. (Harder 1996)

En efecto, este proceso de maduración aproxímase ás nocións de viaxe, camiño... Traxectos que forman parte do xénero tanto simbólica como literalmente. Por norma xeral, este percorrido vital divídese en tres partes que se poden resumir da seguinte maneira: un período de incomprendión e marxinabilidade no que existe un choque emocional que provoca a saída do/a protagonista na busca de respuestas. Comeza así unha segunda etapa de confrontación

<sup>2</sup> *Bildung*: termo alemán que agrupa os significados de construcción, modelaxe, desenvolvemento, crecemento, formación, educación e cultura.

coa realidade. É un proceso longo durante o cal os seus desexos vense frustrados. Mais, tras as experiencias polas que pasa, o sufrimento vivido e as consecuentes reflexións axudan a que a personaxe consiga superar os obstáculos e alcanzar o seu obxectivo, madurar. Chega así a un período de equilibrio co mundo exterior, de aceptación de si mesmo e de inclusión na sociedade.

Evidentemente, estas fases non son inequívocas e existen múltiples variantes. O considerado *Bildungsroman* prototípico, *A aprendizaxe de Wilhelm Meister*, de Goethe (1795-96), marcou o inicio deste xénero europeo. Cómpre citar aquí aquelas novelas que se centran no desenvolvemento persoal e na superación dunha crise de identidade xa que serán más próximas aos problemas que se atopan nas obras a analizar no presente traballo. Ademais é preciso recalcar que o *Bildungsroman* está moi próximo ás biografías e autobiografías xa que se plasman as experiencias vitais formadoras da concepción de vida dos autores así como a construcción identitaria propriamente da personaxe.

Xénero europeo do século XIX, o *Bildungsroman* foi moi estudiado e revisado, «denigrated or discounted at once for its ideological closure and its ambivalence, the *Bildungsroman* also inspired renewed interest. Contemporary critics set it in conversation with other literary models and challenged its traditional thematic and formal conventions» (Mendible 2012). A súa actualización na época moderna é evidente. A evolución das sociedades provoca novos conflitos dos individuos co entorno no que habitan. Aparecen protagonistas femininas e escritoras que empregan as novelas de formación para plasmar os problemas que afrontan as mulleres na sociedade patriarcal. Os reiterados obstáculos que deben superar as mulleres para crecer, madurar e construír unha identidade propia provocan que a crítica comece a falar do *Bildungsroman* feminino. A evolución da sociedade ten como consecuencia, por suposto, a aparición de novos problemas e barreiras así como outras formas de resolvélos e atravesalas. A característica principal do *Bildungsroman* feminino moderno é, segundo Olga Bezhanova, a súa «capacidad para darse cuenta de los vestigios del discurso patriarcal no solo en el mundo que la rodea sino también dentro de su propia mentalidad» (2009). Evidentemente, unha vez a independencia das mulleres é adquirida, «ahora su tarea consiste en encontrar su lugar en un mundo donde las mujeres han adquirido derechos —y a la vez responsabilidades— que previas generaciones de mujeres apenas se podrían imaginar» (Bezhanova 2009). Unha primeira loita contra a sociedade trae consigo unha posterior pelexa interna na procura dunha liberación e (re) construcción identitaria.

Nos exemplos tratados non só o patriarcado e a falta dun lugar propio no seu entorno aliena as súas personalidades e provoca unha crise identitaria, senón que tamén haberá que ter en conta variantes como os discursos poscoloniais e migrantes. En efecto, os obstáculos que coaccionan o crecemento das nosas heroínas proveñen de diversas vertentes opresoras.

## 2. Marilene de Felinto

Na cidade brasileira de Recife naceu en 1957 Marilene Barbosa de Lima Felinto. Sendo áinda nena, trasládase a São Paulo coa súa familia. Alí graduarase en Letras (inglés) na Universidade de São Paulo. Traballa como tradutora mentres comeza a escribir e se fai colaboradora da Folha de S. Paulo ou da Revista *Caros Amigos*. Publica *As Mulheres de Tijucopapo* en 1982, primeira novela que lle outorgará premios e éxito. Máis tarde, publica, entre outros, *O lago encantado de Grongonzo* (1987) ou *Obsceno abandono: amor e perda* (2002).

### 2.1. As Mulheres de Tijucopapo

Muller, negra e pobre, Rísia é a protagonista da novela de Marilene de Felinto, quen alza a voz dunha brasileira negra en busca de si mesma. Do Recife, a súa familia emigrou cara São Paulo na busca dun futuro mellor no *Sur dos soños*, alí só agardaba máis pobreza. Vive nun ambiente familiar e social hostil cunha carencia total de amor, entón, ela odia para defenderse. Logo do abandono dun home, decide comezar unha viaxe cara as orixes: «Um dia perdi o amor dum homem e caminhei quinhentas mil milhas chorando de morte e medo» (Felinto 1982: 19). Mais non regresará ao seu lugar de nacemento senón ao da súa avoa: Tijucopapo. Esta era terra de mulleres fortes e valentes, guerreiras na defensa dunha causa xusta, a liberación do seu pobo da dominación holandesa. Alí, no inicio de todo, logo dunha longa viaxe de nove meses, Rísia renace «aos coidado de um homem que eu começava a amar, quando eu me refiz, pois é amando de novo que se se refaz [...] quando eu me refiz, eu disse sim a Limpião» (133). Rísia atopará o amor, a paz, o seu lugar no mundo e reencontrarase consigo mesma ao tempo que se refai, se reconstrúe.

Marina Farias Rebelo sinala que «Felinto criou Rísia, a mujer de Tijucopapo que brada aos cuatro ventos o seu desejo de se fazer ouvir, de contar a sua historia e de reconstruir-se para si» (2010: 74). A relación entre a autora e a protagonista da novela semella bastante complexa e suxestiva se se analiza a

vida de Marilene de Felinto. Podería así xustificarse un pensamento autobiográfico sobre a novela. Segundo as súas declaracóns ao longo dunha entrevista coa Revista *Caros Amigos*, a vida na nova cidade foi un cambio radical para ela, Marilene, pois chegou a producirlle un trauma: «Percebi que estava no meu país mas que não falava a mesma língua, e na escola eu e meus irmãos nos sentávamos num muro passando horas a treinar o sotaque de São Paulo até perdermos completamente o do nordeste» (Martins 2009: 102).

Así, repítense tanto os problemas de inadaptación que conta Rísia como as dificultades coa fala. Ademais, como recolle Marina Farias Rebelo, Marilene expón en *Folha de S. Paulo* a súa idea sobre os escritores e o acto de escribir, para ela, de *escribir-se*:

Escritores são pessoas que num determinado momento da vida sofreram algum tipo de trauma que as levou a ter essa compulsão pela literatura, pela creación de um mundo paralelo ao mundo real. Prefería non ter que escrever, mas é como se eu non tivesse direito a essa opción. Escrever é un atrapallo. Escritores son persoas doentes. (Farias Rebelo 2010: 84)

Entón, se os escritores escriben para evadirse, para contar e mostrar os seus traumas e inquietudes, *criou* Marilene a Rísia para plasmar, sacudir e liberarse da súa propia experiencia? Parece que a dúbida está xustificada, por tanto, tratarase máis adiante a función e as consecuencias desta e doutras autorepresentacóns na literatura.

Ao modo dun *Bildungsroman*, a vida de Rísia divídese en varios períodos. A súa infancia está marcada pola falta de afecto e a incomprensión da sociedade. A primeira viaxe que Rísia realiza só consegue empeorar a súa situación. En São Paulo, a vida complícase e a dor e o odio pasan a ser os sentimentos máis experimentados por Rísia. Non consegue adaptarse á cidade, porén situada no mesmo país, a causa dos grandes problemas de marxinalidade debidos tanto á raza como á situación socio-económica e ao xénero. O segundo traxecto, o de volta, comeza con este diario de viaxe. A súa intención é a de recuperar a súa fala nordestina e a de reflexionar para asumir todo o anterior. Trátase dunha mirada atrás, da análise do sucedido. Na viaxe de volta Rísia conta o traxecto de ida: a súa infancia e a vida até chegar a ese punto. A explicación da súa situación actual atópase no seu pasado. Esta mostra, polo tanto, todos os obstáculos que debeu superar até que consegue eliminar o sufrimento e acadar a madurez, o establecemento identitario, ao mesmo tempo que é aceptada no seo dunha nova comunidade, reencontrándose consigo mesma e experimentando o sentimento de felicidade.

O cambio que se opera na protagonista reflíctese na forma mesma da novela. Comeza con capítulos moi curtos, agresivos. Cambia de tema constantemente mentres dá pistas sobre o que ela quere facer, sobre a súa viaxe e o seu pasado. Quere ver flores e escribir unha carta, en inglés. Mostra o seu pensamento mediante frases curtas e duras que amosan o seu odio cara os que a rodean e fan sufrir. Contar, escribir é un método de catarse, de evasión. A escritura está moi marcada pola oralidade, un fluxo de conciencia no que Rísia mestura pasado e presente alterándose, berrando, chorando, gritando, lamentándose... Libérase de toda culpa mentres se leva a cabo un proceso de recuperación da voz, da palabra, para alcanzar a súa *salvación*.

A súa infancia é a orixe dos seus traumas. A nai é o amor non correspondido de Rísia. A nena tentará moitas veces chamar a súa atención na procura dunha aperta mais só atopará indiferenza na súa nai. O seu pai converte a vida familiar en insoportable. Máis ausente que presente, só causa o terror e o odio na vida de Rísia. Ten outra muller e mentres tanto abandona e maltrata á súa primeira familia. El convértese no centro da ira de Rísia, quen o declara culpable de todos os seus males. Ten, tamén, uns irmáns vándalos e parásitos que só poñen máis obstáculos á vida de Rísia. En definitiva, unha vida familiar que resulta inaguantable, Rísia séntese rodeada de traidores. Recorda a vida en Recife, a Nema, a única que a abrazou mais que logo a abandonou; a súa残酷de con Luciana, a única capaz de mostrarlle o seu amor mais a quen Rísia respondeu con残酷de; o amargo traslado a São Paulo que, se ben lle achega unha educación e unha economía superiores, Rísia non conseguirá saír do gueto paulista e continúa sendo vítima da exclusión loitando por saír desa marxe que odia. E sobre todo o amor dese home que foi o punto de inflexión da súa crise para emprender a viaxe de volta ás orixes: «Tive de vir. Saí porque não había um lugar [...] o homem que me amava [...] resolveu se morrer [...] quase perco a fala na grande cidade» (Felinto 1982: 55).

En efecto, Rísia non pode falar na gran cidade, tartamudea, incapaz de expresarse. Esta viaxe a São Paulo é un tema habitual na literatura brasileira. A migración das xentes do norte do país cara ao sur é o resultado dun proceso histórico como foi a centralización do poder económico nun único punto xeográfico. Fórmase así a figura do «migrante nordestino» na literatura: persoa marxinal e subalterna que ten verdadeiros problemas de adaptación á nova realidade que lle toca vivir. Dende a periferia do país trasládanse á periferia da gran cidade, o gueto paulista, para sobrevivir no medio dunha realidade sociocultural abafante e opresora. Así, Rísia non conseguirá abandonar esta marxe e aínda que mellore a súa educación, estará sempre marcada. Unha de-

sas marcas inconfundibles é, como xa se expuxo anteriormente, a fala, típica do norte, que nada ten que ver co dialecto da cidade. Deste xeito, engádense aos seus problemas identitarios persoais e de xénero, os de raza e posición socio-económica.

A medida que avanza vaise metamorfoseando e deixando o odio a un lado ao tempo que os capítulos se fan máis longos e a acción se introduce no relato. A función da escritura fai efecto, liberándoa dos seus pesadelos. A soildade do camiño consegue facela esquecer esa vontade de matar, asume os seus erros e elimina a dor. Pouco a pouco deixa atrás ese pasado xa mastigado e expulsado. Entón, liberada, procede a relatar o seu presente: coñece a Lampião, o seu novo amor, e chega, por fin, a Tijucopapo, lugar onde comeza unha guerra. Nese momento, recoñécese a si mesma nas mulleres de Tijucopapo, ocupa un lugar na sociedade que lle permite deixar de mirar ao pasado para ver o futuro e loitar por unha causa xusta. Marilene escolle este lugar e estas mulleres porque elas foron as protagonistas da batalla que botou aos holandeses desas terras. Convertidas en mito, representan a loita contra o poder opresor e a *auto-defensa* do oprimido. Desta volta, a batalla librarase contra a realidade socio-económica do Brasil que converte en centro o sur e marxinaliza e somete o norte e as súas xentes. É evidente que Rízia se sente identificada con esta loita e é grazas a esta batalla que atopa de novo o seu lugar e función na sociedade. Acepta o seu papel neste novo núcleo afectivo no que se recoñece e se sente identificada. A busca e conquista deste novo espacio axúdala a *refacerse* e redefinirse dentro da súa identidade múltiple.

«Eu quero que tudo me termine bem» (Felinto 1982: 137). Isto é o que di á súa nai nesa carta en inglés. Vontade de comunicación nunha lingua mundial non marxinal carente de afecto e sentimentos e de incompleta comprensión. Para maior distancia, pide a Lampião que a escriba. Quere falar, liberarse dela dor, da culpa, quere explicar a súa nai porque saíu da casa: «eu sai de casa, mamãe, porque é muito ruim ser pobre [...] nós éramos uma familia que não se suportava [...]» (87).

Atopa un sentido á vida, ten un obxectivo, séntese querida, aceptada, con forzas para volver loitando a São Paulo. Esta loita dá sentido á súa vida, está xustificada porque se levanta contra todo iso que a oprimiu até o momento: a sociedade patriarcal carente de afecto e recoñecemento e unha comunidade racista e guetista, que empurra cara á marxe a todos os individuos que a compoñen. Volta a São Paulo, si, pero di á súa nai «eu prometo não passar aí por casa. Goodbye mother. Goodbye father. Goodbye you» (Felinto 1982: 135).

### 3. Ken Bugul

Autora africana que escribe en francés e en África mais que tamén publica en Francia, Ken Bugul sorpréndenos cunha serie autobiográfica. Son catro novelas, até o momento, as que esta autora empregou para levar a cabo unha dobre busca identitaria, como muller, negra e colonizada. As súas novelas tratan non só dela mesma senón tamén da aculturación e da alienación do pobo africano nun dobre espazo: en Europa e en África. 1948,

Je suis née dans un tout petit village situé dans une région du Sénégal qu'on appelle Ndoucoumane. [...] J'étais le dernier enfant de mon père et de ma mère. Tout le monde n'était pas présent le jour de ma naissance. Peut-être, si tout le monde avait été présent, les choses auraient pris une autre tournure, les événements se seraient déroulés d'une autre façon. (Ken Bugul 1982: 35)

Ken Bugul, pseudónimo de Mariétou Nbaye<sup>3</sup>, conta o seu propio nacemento en *Le Baobab fou* (1982). O suceso que marca a súa vida e que será o *leitmotiv* dos seus escritos é o abandono por parte da súa nai. Quedando soa dende cativa, Ken conseguirá integrarse na sociedade moito tempo despois.

Filla dun vello marabout de 85 anos, Ken Bugul asiste á escola francesa a pesar do desacordo da súa avoa. Ten así acceso ao mundo dos *seus* antepasados, os galos, e comeza a crecer nela o soño de coñecelos algún día. A escola francesa aumenta esta separación xa establecida entre ela e a súa familia ao proporcionarlle unha visión dun mundo máis xusto onde ela sería ben recibida e acollida. Mientras está na Universidade de Dakar consigue unha bolsa para estudar en Bélxica. Comeza nese intre a súa aventura cara a Terra Prometida: «ce fut le début de l'épopée que je vécus, moi, une femme, une Noire, qui pour la première fois accomplissait l'un de ses rêves, le plus cher» (42).

Despois da súa estancia en Bélxica e unha segunda estancia en Francia, Ken Bugul instalarase en África onde traballa como funcionaria internacional especialista no desenvolvemento e na planificación familiar. Aínda que comeza a publicar en 1982, non é até 1994 que se dedicará verdadeiramente á profesión de escritora. Aparece en 1982 *Le baobab fou* nunha editora africana, Les Nouvelles Éditions Africaines (NEA). Trátase dunha especie de diario no que a protagonista conta as súas impresións durante a súa estancia en Bélxica. Ken escribe como un modo de terapia pero tamén, como Rísia, dirixíndose á súa nai. *Cendres et braises* publícase en 1994 pola editora francesa L'Harmattan.

<sup>3</sup> O editor do seu primeiro libro impúxolle un pseudónimo para evitar as numerosas críticas que unha novela tan provocadora e reveladora causaría nunha sociedade tan tradicional e hermética como a Africana. Para máis información sobre a escolla do pseudónimo, cf. Herzberger-Fofana 2000: 117.

*Riwan ou le chemin de sable* en 1999 en Présence Africaine, o cal corrobora a intención da escritora de dirixirse a un público estranxeiro. Por último, *Mes hommes à moi* ve a luz no ano 2008. Cítanse só as catro novelas que componen esta serie autobiográfica na que a autora vai esmiuzando as súas experiencias coa consecuente reflexión, asimilación, reconstrucción e liberación. A escritora conta con máis relatos ficticios así como artigos teóricos.<sup>4</sup>

Ken Bugul convértese nunha autora moi activa que, entre outras tarefas, promove talleres de escritura terapéutica en medios sociais desfavorecidos. A cultura, a literatura e a realidade das mulleres africanas son os seus temas de interese principal. O seu esforzo recae na intención de mostrar estes tres piares ao mundo para que outros ollos exteriores os vexan, os coñezan e os valoricen. Pretende pois, revalorizar e rehabilitar a tradición da súa cultura. Actualmente, e como ela mesma expresa,

je suis une ménagère à plein temps et dans mes moments libres, j'écris et je m'occupe d'une PME qui fait la promotion et la vente d'objets d'art, d'œuvres culturelles et d'artisanat. J'y inclus la gastronomie africaine. Je suis la veuve d'un médecin béninois. C'est dans son ancien cabinet que j'ai aménagé une galerie d'art, à Porto-Novo, au Bénin. (Mendy-Ongoundou 1999)

### **3.1. *Le Baobab fou***

Do mesmo xeito que a pequena Rízia, Ken Bugul vive á marxe da súa familia e da súa sociedade nunha pequena aldea do Senegal. Como xa se expuxo, o abandono da nai sendo cativa súmea nun estado de soidade que só será acalmando na escola francesa á que asiste. Con gran franqueza conta a súa infancia e a súa agardada viaxe cara a Bélxica para estudar. A Terra Prometida non era tal e Europa desmitifícase nada máis chegar. A estancia non foi o que esperaba e os problemas de racismo e inadaptación comezan a aflorar rapidamente. Viaxe de ida e viaxe de volta para lograr (re)construír a súa identidade. Dobre busca a desta muller: nena sen noción de pais, muller negra e colonizada.

O libro divídese en tres partes. A primeira é a «prehistoria», nela conta a instalación da súa familia nunha aldea á sombra dun baobab, alter ego da protagonista. A continuación, a «historia de Ken» está composta por unha introdución na que conta as razóns da súa identidade non assumida. O seu propio nacemento é o inicio das súas frustracións e desgracias. O abandono da súa nai aumenta a carencia de figura feminina ao ser tamén rexeitada pola súa avoa, esta estaba en contra da asistencia de Ken á escola francesa. Estes feitos

<sup>4</sup> Cf. o seu Curriculum Vitae en <[http://aflit.arts.uwa.edu.au/mbaye\\_bilomea\\_cvo8fr.pdf](http://aflit.arts.uwa.edu.au/mbaye_bilomea_cvo8fr.pdf)>

propician que «l'intellectuel se jette frénétiquement dans l'acquisition forcée de la culture de l'occupant en prenant soin de caractériser péjorativement sa culture nationale» (Fanon 2002: 226). O primeiro capítulo coincide coa súa partida cara Bélxica. Marcha coa ilusión de atopar esa terra tan desexada, de conquistar un novo espazo no que ser acollida e sentirse identificada, Ken di: «Le martyre ne serait plus long» (Ken Bugul 1982: 45) pero «pour la première fois, j'appelais chez moi, je criais au secours. J'avais peur de tout ce qui m'entourait. Surtout la solitude, le froid, le petit Christ au-dessus du petit lit» (50). Nada máis chegar, bota de menos África: os códigos culturais e os sistemas de valores son diferentes. Comeza entón unha vida de desaxustes intensos na que ten todo tipo de experiencias na procura da aceptación por parte do *outro* e da adaptación. Na procura do mundo dos *seus antepasados*, Ken non atopa máis que soidade, rexeitamento e incomprendisión... Nunha sociedade chea de defectos, que a posue e devora como se dunha especie exótica se tratara, Ken Bugul é mostrada e exhibida polas súas compañías pero nunca integrada ou aceptada. A súa busca identitaria convértese nun fracaso xa que se atopa de novo confrontada a outra sociedade, unha comunidade que non é a súa e que nunca chegará a selo, aínda que ela se esforce por adaptarse e disimularse no medio deles: «je m'identifiais à eux, ils ne s'identifiaient pas en moi» (80). A súa vida é un proceso inconstante de altos e baixos. Busca no amor, na relixión, nas amizades... pero en ningures atopa o seu lugar. Realizando un novo esforzo por adaptarse, custe o que custe, a súa amiga Léonora reprocharalle a súa conduta diante dos *brancos*: «Arrête de jouer, sois toi-même» (80). Estes anos en Bélxica outórganlle o dereito a criticar o mito europeo, a frenética vida europea dos anos 70, o colonialismo, a complicidade dos africanos, o falso humanismo dos europeos que buscan o perdón aos seus pecados de colonizadores e racistas... Mais, sobre todo, Ken consegue confrontar e medir os dous modelos culturais. Porén, no medio da incomprendisión, séntese cómoda ao lado dunha muller, Léonora, só neste momento se escoita unha Ken Bugul reconfortada: «Mon rétablissement physique et moral était rapide grâce à Léonora qui m'apporta en si peu de temps ce que je demandais aux miens depuis vingt ans» (79).

Dáse de conta pois de que os moldes impostos polas sociedades delimitan a súa liberdade individual, de que a sociedade lle esixe un comportamento como muller e negra que non se corresponde con ela mesma. Descobre entón que a non ser que se *meta no papel*, nunca será capaz de integrarse, nin en Europa nin en África. É un momento dunha importancia transcendental, vívese con maior intensidade esa tensión entre os desexos individuais e as obrigacións

sociais. A protagonista sabe que a única posibilidade de atopar un lugar para si mesma é asumindo certas normas que a sociedade demanda a cada un. Despois de ver o seu proxecto de adaptación fracasar, Ken Bugul, desilusionada, acada un punto de clímax no que só ve unha posible solución fronte ao suicidio: a volta a casa.

*Le baobab fou* é, coma nun *Bildungsroman*, un exercicio de memoria no que a protagonista fai un balance das súas experiencias dende a infancia, xénese de todo, ata o seu fracaso occidental. Tal e como se vén de expoñer, nunha infancia de incomprensión do seu entorno, a nena enche de ilusión os seus días soñando por unha esperada viaxe cara esa Terra Prometida. Esta viaxe de ida serve, en definitiva, para confrontala coa realidade e mostrarlle a cara máis amarga doutra sociedade, desta vez, a europea. A súa última viaxe de volta cara ás orixes, á súa cidade senegalesa, é o momento de repouso, reflexión e recoñecemento deses patróns que estruturan toda comunidade. A diferenza de Rísia, Ken é rescatada polo seu entorno anterior. Convértese na vixésimo oitava esposa dun vello marabout que morre poucos meses despois do seu casamento. Esta historia cóntase en *Riwan ou le chemin de sable*. O seu marido é unha figura extraordinaria que atrae a Ken non só polas súas virtudes senón tamén porque lle recorda ao seu propio pai, aquel que non volvے ver dende que emprendeu a súa primeira viaxe. Nesa novela recoñece que a súa salvación e o seu reencontro consigo mesma produciuse grazas a esta amizade. Baixo as leis do Ndigueul, atopa a paz espiritual e, rodeada das demais mulleres do marabout, descobre o sentimento de pertenza a unha nova comunidade feita por mulleres. Consegue pois, seguindo as normas establecidas pola súa comunidade feminina, integrarse na sociedade. Este sometemento á orde é visto por ela coma unha salvación.

Esta escolla vital non está exenta de polémica. Despois de ser devorada polo Outro, de tentar transformarse no Outro europeo, Ken volve ás orixes e reencóntrase consigo mesma na súa sociedade dun xeito bastante firme e determinado. Decide mostrar un punto de vista feminino destruíndo o discurso feminista occidental para reflectir a realidade das mulleres africanas. A través da vida comunitaria do harem, a narradora ofrece unha imaxe positiva das africanas e do matrimonio poligámico. Como sintetiza Díaz Narbona:

Femme moderne, ayant vécu longtemps en Europe, Ken Bugul (car rappelons qu'il s'agit d'un vécu authentique) assume la narration en narratrice omnisciente et elle le fait pour juger les femmes modernes, pour critiquer l'ethnocentrisme occidental et, peut-être, pour faire le bilan de son œuvre et de la réception critique qu'elle a eue. Question, celle-ci, difficile à cerner mais qui, à mon avis,

marque non seulement la clé de l'évolution du discours de l'ensemble de l'œuvre mais, peut-être aussi, la clé de la pensée de cette auteure. (2001: 125).

En efecto, Ken Bugul non é a única que denuncia o que para ela son falsos principios das mulleres occidentais que, créndose libres, pretenden expandir os seus esquemas morais de maneira global.<sup>5</sup> Ao contrario, ela defende as especificidades culturais. Ken Bugul xa realizou entón a súa escolha: no seu discurso mostra un rexacemento de Europa e dos seus modos de vida. Agárrase á tradición africana e continúa así co seu obxectivo de revalorización do continente e das súas xentes e culturas. Cando esta terceira novela remata, Ken Bugul aparece como unha muller rehabilitada consigo mesma e co seu entorno.

Entón, é evidente que se trata dun deses *Bildungsromane* nos que o recoñecemento autobiográfico ten un gran poder. Todo se conta de xeito directo, minucioso e sen prexuízos: as relacións amorosas, os desexos, os desgustos, o aborrecemento, o aborto, a prostitución, as relixións... A modo de xornal íntimo, a protagonista expresa todos os seus pensamentos sen medo. A escritora explica nunha entrevista que a autobiografía é unha evacuación para confrontarse e coñecerse ela mesma. A súa propia emancipación sendo o seu principal obxectivo, Ken reflexiona sobre ela mesma e libérase. Ten así a escritura unha función purificadora dun xeito moi parecido ao que mostraba Marilene de Feltino. E, do mesmo xeito que coa autora brasileira, son as súas entrevistas e os seus propios artigos os que permiten coñecer o seu punto de vista sobre temas como a francofonía, o rol dos escritores ou os seus obxectivos como escritora. Así, pódese corroborar que a ideoloxía transmitida nas novelas é coherente co seu punto de vista persoal. No caso de Ken Bugul, hai que recalcar que se trata de autobiografías admitidas pola propia autora, quen ten como principal interese transmitir unha mensaxe, sen importar moito cal é esta mensaxe. E se aparece a pregunta, por que unha autobiografía? Pois porque é «une "écriture thérapeutique". Il y a dans ces trois livres une volonté de revenir sur soi. Ça m'a permis de libérer des choses enfouies en moi [...].»<sup>6</sup>

Aproveita tamén a súa experiencia para describir a aculturación e denunciar a alienación da personalidade negro-africana en contacto co modelo occidental. Así, como nena traumatizada e excluída da sociedade «la vraie solitude c'était le départ de la mère, l'école française, la mort du père et toujours la solitude» (Ken Bugul 1982: 118). A nai, a escola francesa e o pai son os tres

<sup>5</sup> Cf. Talpade Mohanty 2008.

<sup>6</sup> Cf. Malonga (2003) para ler un extracto da entrevista realizada por Mongo-Mboussa a Ken Bugul.

elementos que a ilusionan e desilusionan co seu abandono. Ken vese obrigada, entón, a procurar por un lado, unha figura feminina materna; por outro, un modelo de sociedade soñado e recreado na súa mente; e, ademais, unha figura paterna que se mostra relevante na súa vida se se perciben os silencios e ausencias que provoca. Ten un impulso irresistible a buscar nos homes o afecto e protección paternas. Son, en definitiva, tres piáres que a condenan á soidez más absoluta. Como muller, coñece en Europa a loita feminista, pero non se mostra convencida xa que as realidades non son as mesmas, «nous n'arrivions pas à trouver une formule propre pour nous affranchir. Nous suivions le même procédé que l'Europe, alors que nous ne vivions pas les mêmes réalités» (108). E, de feito, nas súas posteriores novelas, Ken xa se mostra máis directa e crítica en canto ao feminismo occidental, como xa se citou anteriormente. Como negra colonizada, «le colonialisme, qui avait créé la distorsion des esprits pour engendrer la race des sans repères. Le colonialisme avait fait de la plupart de nous des illogiques. Je ne voulais pas l'accepter» (104). Ela, como individuo, tenta descolonizarse a si mesma a través do acto da escritura, pero é tamén a representante de todo un continente que tenta resolver os mesmos problemas. Conflitos psicolóxicos difíciles de esclarecer que impiden ás persoas vivir o seu día a día, confundindo e mesturando os seus referentes, cambiando de personalidade e experimentando unhas loitas internas como as que puideron ser descritas e analizadas polo psicólogo antillano Franz Fanon na súa obra. Finalmente, o resumo das súas opresións: «être une femme, une femme rigide, être un enfant sans notion de parents, être noire et être colonisée» (134). No final, a volta ás orixes.

\* \* \*

A modo de conclusión, pódese dicir que ambas as dúas protagonistas desta análise partiron na procura da felicidade, é dicir, da súa propia identidade, dun núcleo afectivo, de recoñecemento, dun lugar propio, en definitiva, de amor por si mesmas e dos seus próximos. Coma tódolos protagonistas dos *Bildungsromane*, as probas que deben superar son unha aprendizaxe que as fai construírse e reconstruírse até que asumen, dun xeito ou doutro, o seu papel na sociedade. O *Bildungsroman* é, pois, un formato axeitado no que dar cabida a todas as negociacións, tensións e reflexións que existen nas escrituras poscoloniais e migrantes. Créase así un espazo híbrido de loita e diálogo que remarca a vixencia da función social deste xénero. É, polo tanto, un xénero renovado e actualizado, que responde ás necesidades dunhas protagonistas

outras nuns contextos históricos, xeográficos, culturais e socio-económicos ben diferentes dos prototipos europeos. Do mesmo xeito que Stella Bolaki, conclúese que «the Bildungsroman is not an outdated and exhausted form but one that can be detached from its initial context and used productively across different historical periods and cultures» (2011: 9).

#### 4. Perspectiva social e identidade

Con seguridade, no presente traballo non se presta especial atención á veracidade total dos feitos que Ken Bugul ou Marilene de Felinto contan como reais. Os seus libros son obras literarias que deben deixar sempre un lugar á ficción e ao despregamento dun imaxinario propio a un estilo, a unha forma e a unha estética que conquisten o lector. De carácter autobiográfico, trátase de dous textos asumidos tamén como ficticios:«en outre, dans le roman autobiographique, l'imaginaire de l'écrivain intervient d'autant plus que celui-ci se donne la latitude de transformer les faits, faisant ainsi intervenir le mentir-vrai et la surréalité» (Malonga 2003: 137). Ademais, a separación xeográfica e cultural que dominan entre os relatos e o marco occidental deste estudio aumentan a sensación de texto ficticio e exótico.<sup>7</sup> Pola súa parte, C. Boyce Davies mostra a relación inevitable entre a ideoloxía e os relatos autobiográficos: «Since experience is also ideologically produced, and Black women's experience is what Black women's writing purports to express, we are also simultaneously examining ideological, discursive positions of some Black women who are writers» (1994: 30).

O foco do estudio céntrase entón na calidade literaria das obras que axudan a comprender a evolución e transformación dun xénero europeo nun espazo outro, contado por unhas vidas outras. En efecto, a formación das protagonistas e a súa reacción ante o que elas imaxinaban e a realidade que atopan recorda a problemas universais. Son as súas experiencias e vivencias as que atopamos nos seus discursos e están, evidentemente, cargadas de principios e ideoloxías, consecuencia do contexto histórico-social no que lles tocou vivir. Comezan unha primeira viaxe pensando nun futuro mellor mais remata con decepción e contradición. Este trazo é compartido polos dous relatos aquí tratados mais ben se podería aplicar a moitas narracións reais e ficticias de total actualidade. Durante unha segunda viaxe, tamén amplamente compartida polos textos, prodúcese o reencontro de si mesmas e a aceptación nunha sociedade.

<sup>7</sup> Cf. Figueroa 2001.

En efecto, atópanse nos textos outras perspectivas sociais que non acostuman a aparecer en literatura. Máis ben, que non acostumamos coñecer e/ou recoñecer. A súa presencia na literatura axuda á lexitimación destes grupos, tanto como autoras ou como protagonistas. Estas dúas escritoras mostran unha realidade social outra. Dende a súa posición, as protagonistas destas historias xulgan a sociedade que as rodea ao tempo que mostran os seus problemas individuais —pero colectivos—manifestando a súa experiencia. A incorporación e revalorización destes textos é crucial xa que, como indica Regina Dalcastagnè, «a literatura é um espazo privilegiado para tal manifestaçao, pela legitimidade social que ela ainda retém. Ao ingressarem nela, os grupos subalternos también están exigindo o reconhecimento do valor de sua experiência na sociedade» (2008: 108). Ken Bugul tamén se pronuncia ao respecto. Para ela, a escritura é unha aventura colectiva. Nun artigo publicado na revista *Notre Librairie* (Ken Bugul 2000) fala do rol dos escritores e aborda os grandes temas da literatura do continente africano. Do mesmo xeito que a brasileira Dalcastagnè, Ken dálle un valor transformador á literatura. Ten unha función na sociedade: a literatura debe ser comprometida e transgresora.

Outro dos puntos de marxinalidade das protagonistas é o feito de seren mulleres. A literatura escrita por mulleres —do mesmo xeito que outras literaturas comprometidas— molesta porque se trata da realidade contada polas vítimas da sociedade. A Historia comeza a ser contada tamén por elas. Rebélanse e descobren a cara máis amarga das sociedades patriarcais deixando só as tradicións positivas das súas culturas. «Ainsi donc les femmes écrivains d’Afrique privilégient les femmes et démystifient des lieux communs associés au monde féminin, qui empêchaient tout changement dans leurs vies» (Kalonji 2006). Se se trata de clarificar a lexitimidade desta produción, Mongo Béti realiza tamén a defensa da literatura escrita por mulleres como denuncia e mostra da realidade xa que son as únicas competentes para poder falar da súa opresión:

Mais la femme, c'est comme le Noir ! Il faut bien le voir [...]. Quand une catégorie sociale opprimée parvient à l'écriture, il est normal qu'elle parle de son oppression. [...] elles disent simplement : nous sommes des femmes opprimées [...] il n'y a que nous qui les [humiliations, souffrances] avons vécues, donc il n'y a que nous qui puissions vraiment en parler d'une façon compétente. Je pense qu'elles ont raison. Et ce serait de la mauvaise foi que leur nier ce privilège, si c'est un privilège! (en Díaz Narbona 1998-1999: 42)

As dúas personaxes son, en efecto, os espellos da subalternidade emigrante. A brasileira é a imaxe da nordestina vítima da centralización do poder no

sur do país así como a africana representa a emigración cara as metrópoles europeas. Traen para dentro do texto a súa experiencia como mulleres negras cunha educación negada ás súas nais. Conscientes dos seus problemas, da súa alienación e de que o problema é común, deciden escribir para primeiro comprender e despois actuar, ao mesmo tempo que asumen a función do intelectual que describe Franz Fanon en *Les damnés de la terre*: «il ne suffit pas de rejoindre le peuple dans ce passé où il n'est plus mais dans ce mouvement basculé qu'il vient d'ébaucher et à partir duquel subitement tout va être mis en question» (2002: 215). Ambas recollen unha realidade sociocultural contemporánea que abafa tanto as culturas como os modos de vida dos lugares de orixe. O seu cometido sendo persoal —a liberación— e colectivo —denuncia e revolta ante a alienación—. Ningunha das dúas, como tantos e tantas emigrantes, atopa un sentimento de pertenza nas súas novas cidades, feito que agrava unha «crise de identidade» que xerminaba dende a infancia. Por isto, inician un camiño de volta para recuperar as raíces e a identidade, tanto individual como social.

Este obxectivo lógrano, ademais, coa conquista da palabra como terapia. Ambas as dúas teñen problemas coa fala, coa lingua: Rízia case perde a fala na gran cidade e sempre se debate coa mudez e a tartamudez para expresar a súa rabia e o seu odio; o francés africanizado de Ken resulta incomprensible para os belgas francófonos facendo máis difícil a súa *integración*, é dicir, a súa adaptación, asimilación e conversión.

Mediante a escritura contan e asumen o seu pasado. Como nunha especie de catarse, libéranse do peso dos traumas e temores anteriores para construírse dentro do discurso. Este camiño iniciático que comeza ao redor de si mesmas mostra as dúbidas e crises individuais pero realiza, ademais, unha función purificadora nesa busca identitaria impedida pola sociedade. Porque o privado se torna público e, en palabras de Stuart Hall, «el cuestionamiento y la teorización de la identidad son un asunto de considerable significación política» (2003: 37). Neste retorno ás raíces prodúcense a aceptación dos seus itinerarios vitais, construtores de identidade. Así, a identidade acaba por entenderse, citando de novo a Stuart Hall, «como una construcción, un proceso nunca terminado: siempre 'en proceso'» (2003: 15). Así a reconstrucción identitaria será múltiple e plural, descartando unha representación fixa. Estas autorepresentacións non só son unha axuda para as autoras mesmas senón que, situadas nun contexto histórico que ámbalas dúas escritoras se encargan de precisar, alteran a vida doutras mulleres e a mentalidade da colectividade.

Sublíñase de novo a utilidade do *Bildungsroman* para a representación das subxectividades poscoloniais, femininas e migrantes.

Rísia e Ken comezan a reconstrucción dunha identidade fracturada pola dor e o abandono. Neste camiño enfróntanse coas contradicións das súas vidas: a pobreza, os abandonos, a soidade, os choques culturais, o desentendemento familiar, a inadaptación... Obstáculos que Rísia denuncia con rabia e odio mentres que Ken presenta maior serenidade, áinda que é clara, directa e carece de prexuízos.

Inevitablemente, estas son as representantes de grupos sociais cuxa perspectiva social está moi pouco mostrada na literatura. E, en consecuencia, son pouco abordados pola crítica. As autoras forman parte das voces que emergen dende os bordes para incluírense nunha Literatura Mundial, produto dos intercambios e contactos políticos, culturais e sociais. Así, como afirma Ken Bugul: «nous ne sommes pas en périphérie de la créativité parce que nous sommes à la périphérie du monde» (Afota 2006). As protagonistas son novas heroínas doutros pobos. O seu traxecto vital de aprendizaxe e formación consegue liberalas da opresión dos centros de poder, representados pola globalización e a descolonización, realizando unha volta ás orixes. Feito que, como mínimo, produce unha reflexión acerca das consecuencias destes fenómenos históricos sobre os individuos e as sociedades.

\* \* \*

En conclusión, o que pretenden é dar resposta a unha pregunta básica pero complexa: quen son eu? Mais a identidade non é fixa nin se pode unificar, ela sofre variacións ao longo do tempo e sobre todo no contexto histórico contemporáneo. A reconstrucción identitaria, levada a cabo gracias a unha viaxe de volta ás orixes, só pode, como mínimo, levarnos a unha reconsideración das consecuencias da globalización e da colonización, e posterior descolonización, sobre algúns grupos sociais. As relacións humanas e de poder poden ter consecuencias moi semellantes en lugares tan afastados como estes dous continentes. É por esta mesma razón pola que Fanon recomenda aos colonizados africanos que miren cara América Latina e eviten cometer os mesmos errores pois, en efecto, a Historia repítese. O sistema opresor é o mesmo e as consecuencias sobre os humanos son semellantes tanto a nivel político como psicolóxico. As divisións entre centros e periferias son constantes e afectan aos individuos segundo o grupo social no que lles toque vivir. O suxeito posmoderno, segundo Stuart Hall, constrúe e reconstúe a súa identidade debido

ás transformacións da sociedade a nivel global. A diversidade cultural é más visíbel e interfire no suxeito formándoo e transformándoo. Este «proceso» non remata senón que se refai continuamente, coma Rísia, construíndo suxeitos culturalmente híbridos. Son, en definitiva, seres vivindo nun espacio limitar de diálogos e de loitas permanentes.

Son, entón, estes suxeitos híbridos os representantes da New Literature? Suxeitos viaxeiros entre culturas, atravesando fronteiras e vivindo nun New World que debe ser estudiado por unhas New Critiques? Este mundo globalizado significa, no campo das artes, a interrelación entre as culturas dando lugar a unha nova bagaxe. Os movementos migratorios cambian o paradigma literario baseado na localización nacional dun escritor/a. Ante esta nova realidade e as novas teorizacións dos estudos, propónse unha abolición das fronteiras tanto lingüísticas como culturais e nacionais. Así, poderíase ofrecer unha clasificación, si estas son posibles, más adecuada á realidade do que ocorre no mundo cultural e literario. Reflíctese así como os artistas amosan a través deles mesmos os cambios sociais, políticos e económicos, así como os intercambios que se producen neste New World. Novas historias literarias de tipo comparado están abrindo portas e creando novos proxectos que non teñen a Occidente como foco central. Historias que repasan e teorizan de novo a mesma noción de *literatura* e estudan outras *comunidades imaxinadas*<sup>8</sup> más amplas.

## BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, B. (1993). *Comunidades imaginadas : reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*. México: Fondo de Cultura Económica.
- AFOTA, M.-C.; KAISER, V. (2006). «Interview de Ken Bugul: Partager l'humain». *evene.fr* URL: <<http://www.evene.fr/livres/actualite/interview-ken-bugul-senegal-piece-or-francophonie-296.php>>
- BEZHANOVA, O. (2009). «La angustia de ser mujer en el *Bildungsroman* femenino: Varsavsky, Boullosa y Grandes». *Espéculo. Revista de estudios literario*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.
- BOLAKI, S. (2011). *Unsettling the Bildungsroman: Reading Contemporary Ethnic American Women's Fiction*. Amsterdam e New York: Rodopi. URL: <<http://www.ucm.es/info/especulo/numero41/bromfeme.html>>
Esta perspectiva supón o tránsito da crítica á colonialidade do saber cara a transformación afirmativa de espazos, institucións, subxectividades por medio das cales perpetúanse estruturas e relacóns de poder, de dominación. Destácase así a ineludible complementariedade existente entre colonialismo e modernidade e, en consecuencia, faise fincapé na necesaria incorporación desta outra cara da moeda, ou, en palabras de Mignolo, o lado escuro da modernidade, pois sen ela toda crítica ao paradigma moderno será eurocétrica, todo intento emancipador será algo vano e inútil. Ao igual que os estudos culturais e poscoloniais, esta perspectiva recoñece a imbricación entre capitalismo e cultura, así como o papel fundamental das epistemes na conformación tanto do plano xurídico-político como do económico e social, isto é, o modo no que os discursos raciais, étnicos, sexuais ou outros, organizan a poboación mundial en estruturas xerárquicas —e opresivas—. Segundo indican Castro-Gómez e Grosfoguel, débese atender «a la heterarquía de las múltiples relaciones raciales, étnicas, sexuales, epistémicas, económicas y de género que la

primeira descolonización dejó intacta»<sup>2</sup> (2007: 17). Por suposto, para levar a cabo este proxecto, faise indispensable atopar novos conceptos e categorías que sexan capaces de dar conta «de la complejidad de las jerarquías de género, raza, clase, sexualidad, conocimiento y espiritualidad dentro de los procesos geopolíticos, geoculturales y geoeconómicos del sistema-mundo» (Catro-Gómez e Grosfoguel 2007: 17).

Porén, se se observa o espazo europeo, a situación cambia de modo significativo, pois, a pesar das importantes transformacións que se produciron —co posestructuralismo e o posmodernismo— no pensamento occidental en xeral, e no ámbito da literatura (europea) comparada en particular, a idea de Europa e de literatura europea segue a estar dominada en moi boa medida pola concepción literaria moderna da denominada, segundo a clasificación proporcionada por Manuela Boatcă (2010), a Europa heroica, isto é, Francia e Inglaterra —vs. Europa decadente, España e Portugal, e Europa epigonal, «Balcáns»—.<sup>3</sup> Con dita clasificación, o que Boatcă —xunto con outros investigadores como Enrique Dussel, Ramón Grosfoguel ou Boaventura de Sousa Santos— pretende é a descolonización da mesma Europa, por medio da denuncia do monopolio da idea de Europa e a consideración da emerxencia de varios modelos teoréticos, é dicir, a substitución do concepto de «modernidade» polo de «modernidades múltiples».

Até o de agora, non conseguín encontrar aplicacíons deste xiro epistémico no ámbito da literatura (europea) comparada, na que, a pesar de poder observar, como resposta aos desafios multiculturalistas que trae consigo a globalización, unha apertura e unha relativización de determinadas categorías literarias tradicionais, segue a predominar unha idea do feito literario profundamente grafocéntrica e eurocéntrica, o cal, a nivel disciplinario, tradúcese nun baleiro metodolóxico e analítico á hora de tratar outras formas de interacción semiótica, tales como a literatura oral. Nesta liña, o notable aumento dos traballos sobre o que se denominou «afro-european literature(s)», así como a reflexión sobre as novas configuracións espaciais que se dan máis aló das fronteiras lingüísticas e nacionais (cf. «Trans-spaces» de Susan Ardnt 2009), supoñen, certamente, un avance no recoñecemento das diferentes heranzas, desenvolvimentos históricos, formas de pensar, entender e vivir Europa.

<sup>2</sup> Castro-Gómez e Grosfoguel refírense aquí a descolonización levada a cabo nos séculos xix e xx; a segunda sería a que se está a experimentar hoxe en día co decolonialismo ou xiro decolonial.

<sup>3</sup> Sobre a marxinalidade ou a separación de España e Portugal da idea hexemónica de Europa, véxase Eduardo Lourenço (2001).

Coa Provincialización de Europa (cf. Dipesh Chakrabarty 2000), aumentado mesmo modo o número de investigadores que sinalan a necesidade de crear novas categorías coas que aproximarse ás iteracións semióticas desenvolvidas hoxe neste espazo, xa que lonxe de asimilarse á cultura do país receptor, como se pensou anteriormente, supoñen a xeración dun «eu» cultural e literario novo, que pon en cuestión as categorías literarias occidentais. Así, xorden dende críticas á non contemplación dos autores nos canóns europeos até propostas como a de Ottmar Ette, quen suxire a formación dunha «transdisciplinary, transcultural form of literary studies without permanent residence» (cit. por Arndt 2009: 118), a cal permitiría o estudo da literatura como «literature in motion», ao mesmo tempo que situaría os estudos literarios nun marco verdadeiramente mundial dende o que estudar as relacións interliterarias.

Porén, o concepto de «literatura(s) afro-europea(s)» definido «as a category for the study of a large and diverse corpus of texts produced in *différents languages* and within different contexts» (Brancato 2008: 2), perpetúa en certo sentido a posición hexemónica rexentada por unha idea determinada do fenómeno artístico verbal —a literatura escrita moderna—, a cal continúa arraigada na noción de literatura nacional, polo menos lingüisticamente falando. Pénsese, por exemplo, en que a maior parte dos autores estudiados até o de agora —Nassera Chora, Sidi Seck, Mohamed El Gheryb o Amryl Johnson, entre outros— escriben nunha das linguas dos grandes espazos denominados francofonía, anglofonía, hispanofonía, lusofonía ou teutonía, non achando senón escasos exemplos de investigacións cuxo foco de interese sexan as literaturas escritas en linguas non europeas, elaboradas e publicadas en Europa. Do mesmo modo, e como xa remarquei, a oratura indíxena —a súa transcripción, tradución, edición e recepción— tampouco parece ser obxecto destes estudos, encontrándose así atrapada nos seus marcos nacionais de orixe e relegada a unha etapa arcaica do proceso evolutivo literario.

Segundo as reflexións de César Domínguez sobre a noción de literatura mundial (2013), a circulación literaria enténdese, por norma xeral, en termos grafocéntricos, isto é, a través de conceptos como autor e autoría, os cales están profundamente vinculados ao proceso de expansión do sistema económico e político capitalista e, polo tanto, á dimensión material da arte verbal. Certamente, co capitalismo xorden grandes intereses entorno a letra impresa. O acceso ao coñecemento, entendido agora como propiedade privada, converteuse nun mercado que reportará grandes réditos, grazas en grande medida á escolarización da poboación, a cal pasou a conformar novos lectores e, en consecuencia, novos espazos de consumidores potenciais.

Os desexos por controlar e sacar beneficio da arte verbal pódense observar especialmente dende principios do século XVIII, cando, por mandato da reina Ana, créase a primeira lei, a «Copyright Act» (1709), para regular o derecho sobre as modalidades de reproducción e de uso das obras escritas, as cales apreciaríanse a partir de agora xa non só polo seu valor estético, senón tamén económico —como mercancía—. A literatura alcanzaba así a súa autonomización —a súa privatización— a consecuencia de toda unha serie de cambios que estaba experimentando o espazo do público.

Ao mesmo tempo que a técnica escrita e tipográfica se volveron hexemónicas, a complexa arte verbal oral foi desterrada dunha cultura pública na que só permanecerá en detrimento do seu dinamismo e actualidade. Deste xeito, a moda folclorista que percorreu a Europa do século XIX levou a numerosos escritores —procedentes en gran número do ámbito académico e intelectual— a editar e publicar en forma de antoloxías as diferentes formas orais recollidas. A oratura viuse así asimilada xa non só o soporte escrito —algo que certamente comezara moito antes—, senón tamén ás regras de xogo do mercado. Agora ben, mentres as compilacións de literatura oral europea como a dos irmáns Grimm, alcanzaron un gran prestixio no seo do lector burgués, as formas orais recollidas nas colonias foron obxecto das máis duras críticas por parte dos eruditos europeos, os cales as consideraron de baixo estilo e, polo tanto, de carácter arcaico.<sup>4</sup> Sen dúbida, estas cualificacións modificáronse de forma

<sup>4</sup> A este respecto, cabe remarcar que, aínda que as formas orais europeas alcanzaron un certo «prestixio», este correspondería exclusivamente á transcripción de ditas formas, é dicir, as súas transposicións en formato libro, o cal, como se sinalou no primeiro capítulo, levaba o seu menosprezo polo seu carácter oral, é dicir, por no axustarse aos patróns estéticos ou literarios que se desenvolveron coa escritura. Existía así unha clara instrumentalización da literatura oral, o cal, en consonancia co carácter paradoxal do nacionalismo romántico (cf. Anderson 2006), producía unha clara contradicción no seo do ámbito académico e intelectual. A oratura cualificábase ao mesmo tempo como «excellent» e «barbaric» (Goethe 1850: 266), podendo ser así lida e estudiada, aínda que, como subliña Goethe, coa única finalidade de ser capaces de transmitir as «bendicións» da propia cultura —nas cales residía o *eidos* ou esencia nacional—. Un exemplo desto constitúeno as compilacións dos irmáns Grimm citadas máis arriba, pois, se se observa o seu percorrido no mercado do libro, percíbese claramente o proceso que sufriu a oratura en xeral e formas como o conto en particular. Traducidos hoxe a máis de cento sesenta linguas e cun total de máis de cento vinte edicións diferentes, os contos recollidos por estes dous folcloristas do século XIX serían recordados pola posteridade asociados a un nome de autor e ao soporte escrito, ocultando e esquecendo a orixe oral dos mesmos. Certamente, nas súas primeiras edicións, estes contos encontraron bastantes obstáculos na súa recepción, aínda que, como indica Thomas O’Neil, «*Children’s and Household Tales* gradually took root with the public. The brothers had not foreseen that the appearance of their work would coincide with a great flowering of children’s literature in Europe» («Guardians fairy tale»; sitio web National Geographic). Sen dúbida, este último punto leva á asociación xeneralizada do conto co sector infantil e xuvenil, o cal impide en grande medida o seu tratamento como un xénero «serio» ou «adulto», especialmente se se trata dunha forma oral.

significativa dende entón, mais non así o seu modo de difusión e visibilización, o cal continúa a ser principalmente a transcripción e a publicación en formato libro.

A raíz do dito, cabe preguntarse polos modos de circulación que ten a oratura hoxe no espazo europeo, e máis especificamente polas estratexias de *marketing* de que son obxecto no seu proceso de introdución nos mercados. Como no caso das literaturas indíxenas neocelandesa e australiana analizadas por Oliver Haag, as investigacións sobre a promoción e a recepción das formas orais africanas son, até onde puiden comprobar, máis ben escasas, vendo unha maior focalización na producción escrita en linguas occidentais dos denominados «autores afroeuropéos». Así, por medio da análise do caso amazigh, intentarei determinar, no sucesivo, a pertinencia e a utilidade da inclusión do estudo dos modos de funcionamento dos mecanismos editoriais sobre as literaturas orais con vista a unha descolonización ou, seguindo a Rey Chow (2012), unha poseuropeización da literatura europea comparada.

## **2. Alén do grafocentrismo europeo: os sendeiros da cultura oral (amazigh) en Europa**

Nómade e de forte carácter oral, a comunidade amazigh encádrase dentro do espazo norteafricano, zona de intensos contactos interculturais. Tal carácter de fronteira confírelle un alto grao de conflictividade, que, no caso amazigh, pasa en grande medida pola implantación do sistema colonial francés a principios do século XIX, pois este exerceu unha importante violencia estrutural e cultural sobre a poboación autóctona. A este respecto, Ait Kaki, ao cuestionar a afirmación dunha suposta «berbériophilie» ou «berbéromanía» por parte das élites culturais francesas coloniais, subliña a política do «divide et impera» seguida por Francia en materia política, identitaria e cultural, vendo que os traballos etnográficos levados a cabo desde finais do século XIX responden más á vontade de coñecer para gobernar que a un verdadeiro propósito de conservación cultural. Grazas as súas políticas de asimilación identitaria e cultural, Francia logrou implantar o seu sistema de organización social, o seu concepto de «cultura», marxinando e silenciando determinadas experiencias sociais, ao mesmo tempo que fomentou os profundos conflitos que estralaron tras a independencia entre arabo-islamismo e franco-berberismo. A súa situación de minoría lingüística e cultural —en toda a zona «amazigophone»: Marrocos, Arxelia, Níxer, Malí, Libia, Burkina-Faso, Nixeria, Mauritania, Túnez e Exipto— explícase non só polo impacto da larga presenza francesa na

área do Magreb —dende principios do século xix até mediados do século xx—, senón tamén polas fortes políticas de arabización impostas tras a independencia. Deste modo e, especialmente, no caso de Arxelia, a súa separación de Francia fixose en nome dunha identidade árabe e islámica, que fomentou unha marcada hostilidade cara a cultura francesa, vista como un símbolo de colonización e de submisión, e cara a cultura amazigh, unha minoría «encombrante» (Chaker), pois constituía —e áinda constitúe, malia algúns avances no seu recoñecemento— unha ameaza para a pretendida unidade nacional.

Do mesmo modo que noutras sociedades poscoloniais, a producción cultural amazigh experimentou profundos cambios que, no plano da arte verbal, se traduciron na súa inserción nun novo sistema de transmisión e difusión: a escritura e o mercado do libro. Isto supuxo, por unha banda, a emerxencia dunha literatura escrita e, por outra, a necesidade de novos recursos materiais e intelectuais dos que as estruturas estatais e outras entidades públicas non se fixeron cargo, en grande medida por non ser vista como unha cultura nacional. Así, nun caso como o da comunidade amazigh, no que xa non só se atopan dificultades de carácter económico senón tamén de carácter político, a diáspora supuxo a apertura a un espazo que, áinda que non a recoñecía institucionalmente —pois Francia consideraba que tal recoñecemento era responsabilidade dos países de orixe—, a lo menos permitía a súa expresión e o seu traballo na construcción identitaria e cultural.

Neste senso, e simplificando un pouco as cousas, poderíanse sinalar dúas vías de circulación da arte verbal amazigh: unha na que prevalecería o canal oral e cuxo espazo de desenvolvemento no contexto da emigración constitúeno as asociacións e outros organismos de acción cultural; e outra na que se privilexiaría o soporte escrito e que transcorrería no mercado editorial. Sen dúbida, a arte verbal oral desenvolvida nas asociacións acabou respondendo ao desexo de paso do oral ao escrito que se intensificaría nos anos 80, grazas ao incipiente discurso político e identitario que trouxeron consigo os acontecementos acaecidos en Arxelia nesa época, e que comunmente se coñecen como «primaveira bereber». Iniciada a finais do século xix, esta labor tradúcese, ademais de en grandes esforzos adicados á elaboración e fixación dunha escritura amazigh, na publicación de importantes corpus literarios e culturais, tal e como é, por exemplo, o caso das antoloxías de contos.

Un dos espazos nos que mellor se percibe os procesos e estratexias ás que estas son sometidas polos autores e editoriais unha vez transcritas e traducidas constitúeo o que Gérard Genette denominou «paratexto» (1987), e, máis concretamente o «peritexto editorial». Pola súa condición de limiar, de pri-

meiro espazo de encontro entre a obra e o público, o seu exame pode arrostrar nova luz xa non só sobre a transmisión de estereotipos sociais e culturais a través da literatura, senón tamén sobre o proceso de construcción dun «target readership» (Haag), isto é, a imaxinación dun «lector implícito» ou consumidor potencial.

Como sinala Genette, cada elemento peritextual ten a súa propia función, o cal significa que un mesmo peritexto pode perseguir diferentes fins á vez. Deste xeito, o paratexto comunica xa non só unha serie de datos puros sobre o autor ou a data e o lugar de publicación, senón tamén certa intención autorial e/ou editorial, e, en moitas ocasións, un pacto de veracidade que se manifesta por medio dalgúnsas indicacións biográficas, históricas, culturais, etc. Con relación ao caso aquí tratado, isto quere dicir que, pese a presentar na súa gran maioría un enfoque neutral, a lo menos teoricamente, os elementos paratextuais de moitas destas antoloxías proporcionan patróns implícitos de lectura, é dicir, non perceptibles a simple vista polo destinatario, pero que, especialmente ao tratarse dunha cultura ausente en grande medida do imaxinario colectivo francés, inflúen na recepción destas obras, e, polo tanto, da súa cultura.<sup>5</sup> Neste senso, pódense salientar dúas tendencias discursivas que se observan nestas antoloxías de contos: a étnica ou identitaria e a grafocéntrica. Por étnico ou identitario entendo aquel tipo de discurso que presenta ao pobo amazigh como unha comunidade culturalmente diferenciada, isto é, con unha herdanza —en canto tradición— cultural e lingüística propias, e, por medio desta, como dona dunhas crenzas, normas e valores característicos. Este sinala así a «berberidade» do produto cultural. Pola súa banda, o termo grafocéntrico apunta á ausencia de indicacións sobre o carácter oral destas formas narrativas, isto é, á non declaración da súa pertenza ao patrimonio inmaterial amazigh. Estas tendencias discursivas percíbense especialmente ao examinar as coberturas das antoloxías de contos orais amazigh, concretamente os títulos, as indicacións xenéricas, as notas editoriais ou as referencias biográficas.

Como exemplo paradigmático de ambos tipos, cómpre citar *La sagesse des oiseaux* (2008; Ilustración 1) de Youcef Alloui, doutor en lingüística e socio-loxía, economista e escritor cabiléño. Nesta obra, o discurso identitario observase especialmente, por un lado, no título, un dos elementos más importantes no proceso de socialización da práctica literaria, xa que é o nome do texto, a súa identificación social; e, por outro, na indicación xenérica, estreitamente

<sup>5</sup> Esta ausencia reflíctese tamén na súa inclusión nas estatísticas nacionais –INSE– en conjuntos máis bastos como «árabes», «mulsumáns», «magrebís», etc.

Youcef Allioui


# La sagesse des oiseaux

Timsifag

†ΣΛΘΞΙΛ•Σ

Contes kabyles-Timucuha

†ΣΛ:Ε:Θ• - †ΣΛΘΞΙΛ•Σ



bilingue berbère-français

LA LEGENDE  
DES MONDES  HARMATTAN

ligadas o título, sendo, en palabras de Genette, «un anexo del título, más o menos facultativo y más o menos autónomo según las épocas o los géneros, y por definición remático, en tanto destinado a hacer conocer el estatus genérico intencional de la obra» (1987: 83).

Así, o exame do primeiro destes elementos paratextuais, o título, leva a pensar na cuestión do paso da lingua oral á escrita da que acabo de falar, a cal, no plano da arte verbal, produciu todo un debate ao redor do código por medio do cal se levaría a cabo dita tarefa, é dicir, o tipo de escritura que se emprega nas transcricións da oratura. Ante a ausencia actual dun sistema de escritura común aos diferentes grupos que conforman ese espazo cultural chamado *Amazighité*, os intelectuais, lingüistas e antropólogos na súa gran maioria seguiron varias vías, clasificables segundo o tipo de escritura privilexiado: a árabe, a través da cal xa se recolleran poemas amazigh dende a Idade Media, o alfabeto latino, cun importante corpus publicado dende mediados do século xx (cf. Chaker 1992) ou do «*tifinagh*», variante actual do lóbico-bereber que perdurou unicamente nas comunidades tuaregs do Sáhara central —con un uso moi reducido ante o predominio da expresión oral—, e que, na actualidade, se emprega para transcribir numerosas linguas amazigh. Deste modo, a obra de Allioui encádrase dentro dunha posición intermedia, xa que non só presenta os contos a través dun título en forma bilingüe, en francés e amazigh en alfabeto latino —unha tendencia moi recente, dende 2002, e ainda bastante minoritaria, vendo como a maior parte dos escritores prefieren presentar os contos en forma monolingüe, en francés—, senón tamén en escritura *tifinagh*. Polo tanto, isto desvela unha clara estratexia autorial e editorial, xa que, pese a promocionala por medio dun título como unha obra redactada en dous códigos lingüísticos, latino e *tifinagh*, esta non é a realidade que encontrará o lector, quen descubrirá que non está verdadeiramente escrita neste último. Desse xeito, este lingüista mostra un claro posicionamento identitario e, incluso, político, dado o valor emocional —traducido a nivel cognitivo nun sentimento de pertenza, filiación ou solidariedade— que posúe o *tifinagh* como símbolo cultural, o cal, como sinala Salem Chaker, ten «le double avantage de marquer l'appartenance historique incontestable de la langue berbère au monde de l'écriture et d'assurer la discrimination maximale par rapport aux cultures environnantes puisque cet alphabet est absolument spécifique aux Berbères» (1992: 4).

Agora ben, se se observa o outro dos elementos paratextuais citados, isto é, a indicación xenérica, tamén se atopa esta mesma tendencia discursiva identitaria, pois, a diferenza de outras antoloxías de contos amazigh, *La sagesse*

*des oiseaux* non só presenta un título bilingüe e unha indicación específica de esa característica do tipo «bilingüe français-berbère», senón que, ademais, acompaña a clasificación xenérica, neste caso o conto, con información sobre a comunidade amazigh concreta da que proveñen esas formas narrativas, tal e como se observa na rúbrica «contes kabyles-timucuha» que se sitúa entre o título e a referencia lingüística. Deste modo, esta obra presenta un discurso identitario especialmente delimitado —xeográfica e culturalmente—, marcado —no sentido da reiteración que se contempla a través destes elementos—, e, incluso, militante —trazo que lle confire certo carácter político—. A este respecto, cabe sinalar que, pese a erixirse como un dos defensores máis férreos da cultura amazigh, Alliou Tamén presenta un discurso grafocéntrico, xa que non declara de forma explícita a procedencia oral dos contos, un elemento considerado xeralmente indispensable na loita polo recoñecemento cultural.

A raíz de isto, cumpliría preguntarse polo tipo de relación que mantén a oratura co texto escrito, modo privilexiado dentro do «habitus» literario occidental, o cal moldea as formas de arte verbal oral en función dos seus propios patróns estéticos. A literatura oral é arrancada do seu contexto específico, isto é, a *performance*, o aquí e agora que emisor e receptor comparten, experimentando unha serie de transformacións e, polo tanto, de perdas.<sup>6</sup> Esta sería a conclusión á que se chegaría se se parte dunha concepción grafocéntrica que da centralidade o texto escrito, sendo este o único modo de circulación literaria posible. Porén, o oral e o escrito manteñen unha relación moi máis estreita da que as categorías occidentais pretenden facer ver. Dado que o oral supera os límites textuais, unha antoloxía de contos orais pode ser vista,

<sup>6</sup> O termo *performance* compréndese aquí na súa acepción anglosaxona, é dicir, como unha acción ou proceso complexo a través do cal se transmite e se recibe unha mensaxe nun aquí e agora, nun espazo-tempo que emisor e receptor comparten. A *performance* é, polo tanto, un acto comunicativo no que, como sinala Arturo Casas, «fánse simultáneos os códigos, as decodificacións e os reaxustes entre emisor e receptor, sexan este e aquel individuais ou colectivos» (2012: 54). No fenómeno oral, o emisor e o receptor influéncianse reciprocamente, podendo captar, neste caso, o devir falante do oínte e o devir oínte do falante ó estilo da orquídea e da avispa de Deleuze e Guattari: «La orquídea se desterritorializa al formar una imagen, un calco de avispa; pero la avispa se reterritorializa en esa imagen. No obstante, también la avispa se desterritorializa, deviene una pieza del aparato de reproducción de la orquídea; pero reterritorializa a la orquídea al transportar el polen. La avispa y la orquídea hacen rizoma, en tanto que heterogéneos» (2002: 16). Porén, a *performance* como realización ou execución non só atinxo á poesía ou narración oral, senón tamén a outras disciplinas artísticas (música, danza, teatro, etc.) que tenden a ser concibidas de forma independente da arte verbal oral (por ser considerado esta última como tradición ou folclore), ainda que no fondo non deixan de formar parte dun conxunto de prácticas que poderían englobarse, *mutatis mutandi*, baixo a rúbrica de «arts vivants» («artes vivas»). Cf. Zumthor e Baumgardt.

## La sagesse des oiseaux

### Timsifag - تمسيفاڭ

Quand le mari arriva avec ses invités, ils mangèrent tous. Personne ne se soucia de l'absence de Ziri. Seule Aïcha refusait de manger et ramassait les os de son frère à mesure que les autres les jetaient par terre. Elle les enterra dans le jardin derrière la maison.

Quand le printemps vint, un genévrier poussa à l'endroit où Aïcha avait enterré les os. Tous les jours, à l'approche du moment où Ziri fut égorgé par sa mère, le genévrier se mettait à chanter :

« Ma mère m'a égorgé, m'a égorgé !

Mon père m'a mangé, m'a mangé !

Aïcha a ramassé mes os ! »

En entendant l'arbre chanter ainsi, la mère prit peur ; elle se saisit d'une hache et l'abattit. Mais les racines continuaient de chanter.

*Mi-d yeggwed wergaz d inebgawen, ècan yakw. Yiven ur inuda di ziri meskin. Ala Eïca teggemma aq-jecc. Tjemmee iysan n gma-s di lqaza. Tnetl-itén di tebhirt sennig wexxam. A-taya teggwéld-ed tefsut. Temyi-d tejra n taqa g-wemkhan anda tenfel Eïca iyessan n Ziri,*

*Yal-ass, mi-d yeggwed lwakud i-gi yeqwantel Ziri, anza n tejra ad icennu ad yeqqar :*

*« Yemma tezla-yi, tezla-yi !*

*Baba yecca-yi, yecca-yi !*

*Eïca tejmeel leadam-i ! »*

*Mi-s tesla i tejra n taqa icennu, yemma-s ikecm-if lxuf teiddem tagelzimt tgezm-if. Qqimen izuran n tejra mazal cennun...*

Youcef ALLIOUI a recueilli des milliers d'énigmes, de proverbes, de contes, de mythes, de poèmes anciens, de fables et de sagesses ainsi qu'un important fonds de récits divers et de témoignages sur le monde amazigh kabyle. C'est son huitième ouvrage aux Editions L'Harmattan.

Un dicton kabyle dit : " Qui a sa langue se écrit en sécurité / *wi'rean des yesvenues*".

©Photo de couverture : Youcef Alliou

couverture : Isabel Latina



ISBN : 978-2-296-04961-1

20,50 €

segundo a Genette, como un paratexto en si mesmo, como unha presentación da *performance* a un público lector:

es una evidencia reconocida que nuestra época “mediática” multiplica alrededor del texto un tipo de discurso que el mundo clásico ignoraba, y a fortiori la Antigüedad y la Edad Media, donde los textos a veces circulaban en un estado casi rústico, bajo la forma de manuscritos desprovistos de toda fórmula de presentación. Digo casi porque el solo hecho de la transcripción —y también de la transmisión oral— aporta a la idealidad del texto una parte de materialización gráfica o fónica, que puede inducir [...] efectos paratextuales. (1987: 9)

Desta maneira, percíbese a necesidade e a importancia de incluír este tipo de información nas coberturas das obras ou antoloxías de contos orais nunha cultura como a «europea». Co fin de incorporar a análise da oratura no cadre desta disciplina, a literatura comparada, tense que cuestionar no só o eurocentrismo que esta presenta, senón tamén o seu grafocentrismo, é dicir, a súa focalización na dimensión física do fenómeno artístico verbal —enténdase con elo o obxecto libro—. Pois se esta disciplina ten o seu obxecto de estudo na fronteira, nos procesos de circulación —ben entendidas como literatura mundial—, as manifestacións orais caracterízanse precisamente por superar fronteiras temporais, espaciais, lingüísticas, culturais, etc. Da mesma forma, o exame dos modos de introdución e promoción das traducións de ditas formas orais no mercado poden axudar a comprender o lugar e a función que cumple hoxe a oratura no panorama literario europeo.

### **3. Consideracións finais**

A raíz do dito ao longo deste escrito, e sen pretender proporcionar conclusións definitivas ou satisfactorias, cabe preguntarse finalmente polo tipo de respuestas ou solucións que se poden achegar dende o ámbito da literatura europea comparada con relación ás dificultades que presenta tanto a inclusión da oratura como outras prácticas emerxentes que desafian os patróns estéticos e literarios a través dos cales se definiu até o de agora o feito artístico verbal. En constante preocupación pola súa autonomía, a literatura comparada levou a cabo un profundo acto de interrogación interna —de especulación teórica— nas últimas décadas do século xx, o cal conduciu a transformacións significativas a nivel epistemolóxico e metodolóxico. Porén, os resultados desta apertura e reconceptualización dos seus límites e presupostos básicos non conseguiron solucionar por completo os problemas epístémicos e hermenéuticos que mostra o comparativismo literario dende a súa emerxencia como disciplina a

principios do século XIX. Malia os ataques dirixidos contra o eurocentrismo e os intentos de superación do mesmo, a literatura comparada segue a exercer unha práctica disciplinaria eurocéntrica e grafocéntrica —alfabetocéntrica—. A este respecto, cabe traer a colación as dúbidas e as reservas que César Domínguez achegaba no seu artigo «In 1838: (European) World Literature on the Edge of Law» (2013) con relación ao eurocentrismo dunha das nocións capitais do comparatismo literario, o de literatura mundial. Así, Domínguez propón deixar de ver estes trazos como simples actitudes que hai que criticar e superar, para comezar a concibilos como a base mesma da disciplina, como o seu modo e razón de ser:

When in 1827 Goethe stated that “[n]ational literature has not much meaning nowadays: the epoch of world literature is at hand” and in 1848 Marx and Engels argued that “as in material, so also in intellectual production. [...] from the numerous national and local literatures there arises a world literature”, is it possible to fail to notice that from the 1830s onwards “[t]here was hardly a capital in Europe were the subject [of international copyright] was not canvassed? And, is it possible to fail to notice that when the history of circulation is taken into consideration, Eurocentrism is not an approach to world literature that may be rebalanced, but the internal condition of modern world literature as the result of the European “hegemonic mastery of the world”? (2013: 3)

Como se esbozaba máis arriba, o xiro decolonial proporciona interesantes ideas en torno ao modo de estudio das formas artísticas verbais, as cales, na miña opinión, poderían axudar no proxecto de descolonización da literatura europea comparada da que veño falando. Cabe mencionar así os traballos desenvolvidos por Mignolo no campo da práctica comparatista en situacions coloniais, pois focaliza a súa análise no concepto europeo de canon e de canonización. Partindo dos inicios da modernidade e dos procesos de colonización, Mignolo recalca a dependencia da formación da idea de literatura e de canon a un espazo xeocultural concreto, pois a crenza na universalidade destes conceptos, é dicir, o tomar os valores literarios rexionais —europeos— por un campo de estudio universal conduce á colonización e subordinación doutras formas de entender e interpretar o feito artístico verbal, tal e como é o caso da oratura na maior parte dos espazos denominados poscoloniais. Unha das solucións a este problema atopase, para Mignolo, na substitución das «normative questions concerning canon (trans)formation with explanatory ones regarding the conditions under which canons are formed and transformed» (1991a: 13), é dicir, trátase de non confundir o plano vocacional co epistemolóxico, o cal é moito más imperante en disciplinas nas que, como a literatura comparada, ambas dimensíons tenden a diluírse no suxeito de estu-

do. Con respecto a literatura comparada, este pensamento crítico axuda a desvelar as estratexias e presuncións ideolóxicas que interveñen na formación do canon, tanto a un nivel epistemolóxico como vocacional. Segundo Mignolo, a nivel epistemolóxico hai tantos canóns como comunidades, o cal leva a ver na «diatopical hermeneutic» proposta orixinariamente por Raimon Panikar un moi bo método de interpretación de culturas diferentes e distantes. A partir deste concepto, é dicir, da consideración, en palabras de Mignolo, dos «loci of enunciation» dende os cales se constrúe o coñecemento e as ideas en torno ás prácticas semióticas, pódese evitar a consideración do todo por unha das súas partes, é dicir, o tomar un canon rexional como modelo de todos os canóns literarios. O crítico latinoamericano recoñece que un dos puntos chave para que o comparativismo alcance resultados satisfactorios constitúeo a superación do tratamento exclusivo das prácticas artísticas verbais a través dos conceitos europeos —modernos— de literatura, obra de arte, autor e público lector, pois presupoñen «*alphabetic writing and regional aesthetic criteria*» (1991a: 222), o cal, a nivel epistemolóxico, non permitiu a toma en consideración de outros sistemas de transmisión como o soporte oral e outros códigos como os sistemas alternativos de escritura «such as the hieroglyphs developed in ancient Yucatan or the weaving-writing known as *quipus* in ancient and colonial Peru» (1991a: 223).

A elaboración de traballos que comparen prácticas verbais orais e escritas desenvolvidas no ámbito europeo poden axudar a comprender a enorme complexidade que alberga hoxe o concepto de Europa, así como as relacións que mantén esta co resto de culturas planetarias, comunmente denominadas os seus «Outros». Do mesmo modo, a situación poscolonial que se vive hoxe neste espazo obriga a preguntarse, segundo a Mignolo, un dilema hermenéutico para o suxeito cognoscente, o cal, modificando lixeiramente as palabras deste autor, pode formularse da seguinte maneira: ¿cal é o lugar de enunciación dende o cal o suxeito poscolonial europeo entende a experiencia que é Europa? É dicir, ¿en cal das diferentes tradicións culturais das que é herdeiro se sitúa o suxeito cognoscente? Este tipo de preguntas é moi necesario xa non só para os estudos comparados da literatura desenvolvidos en situacións coloniais, senón tamén para o comparativismo das prácticas semióticas producidas hoxe no ámbito europeo, pois as relacións asimétricas das relacións de poder que se establecen entre os dous polos da comparación non só se atopan nas situacións coloniais, senón tamén no comparativismo desenvolvido en e sobre Europa. O emprego dunha hermenéutica diatópica ou pluritópica —así como dialóxica ou plurilóxica— podería axudar a comprender moito mellor os modos de circulación e interrelación dos fenómenos artísticos verbais, ao mesmo

tempo que, como sinala Mignolo, arroxaría nova luz sobre «the significance of the disciplinary as well the cultural (gender, race, class) inscription of the subject in the processes of understanding» (1991a: 235).

## BIBLIOGRAFÍA

- AIT KAKI, M. (2004). *De la question berbère au dilemme kabyle à l'aube du XXIème siècle*. Paris: L'Harmattan.
- ARNDT, S. (2009). «Euro-African Trans-Spaces? Migration, Transcultural Narration and Literary Studies». En BEKERS, E.; HELF, S.; MEROLLA, D. (eds.), *Transcultural Modernities: Narrating Africa in Europe*. Amsterdam: Matatu, pp. 103-120.
- BALLEZ, Michèle (2006). «Las tradiciones orales: ¿paradigma de la comunicación local y global?». En LEPE, L. M.; GRANADA, O. (eds.), *Comunicación desde la periferia: tradiciones orales frente a la globalización*. Barcelona: Anthropos, pp. 11-17.
- BAUMGARDT, U. (2008). «La performance». En BAUMGARDT, U.; DERIVE, J. (eds.), *Littératures orales africaines. Perspectives théoriques et méthodologiques*. Paris: Karthala, pp. 49-75.
- BRANCATO, S. (2008). «Afro-European Literature(s): A New Discursive Category?». *Research in African Literatures*, 39.2. Bloomington: Indiana UP, pp. 1-13.
- BOATCĂ, M. (2010). «Múltiples Europas y la Mística de la Unidad». En CAIRO, H.; GROSFOGUEL, R. (eds.), *Descolonizar la Modernidad, Descolonizar Europa. Un diálogo Europa-América Latina*. Madrid: IEPALA.
- CASAS, A. (2012). «A oralidade nos estudos literarios. Para unha cartografía teórico-crítica». En CHOUCIÑO, A.; NOGUEIRA, M<sup>a</sup> X. (eds.), *Palabra viva. Galicia e Hispanoamérica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2012, pp. 31-70.
- CASTRO-GÓMEZ, S.; GROSFOGUEL, R. (eds.). (2007). *El giro decolonial. Reflexiones para una diversidad epistémica más allá del capitalismo global*. Bogotá: Siglo del Hombre.
- CHAKER, S. (1992). «La naissance d'une littérature écrite. Le cas berbère (Kabylie)». *Bulletin des Études Africaines (Inalco)*, 9.17/18. URL: <http://www.tamazgha.fr/La-naissance-d-une-litterature-ecrite,1086.html> (18 Xuño 2013)
- CHAKRABARTY, D. (2000). *Provincializing Europe: postcolonial thought and historical difference*. Princeton: Princeton UP.

- CHOW, R. (2012). «La cuestión antigua/nueva de la comparación en los estudios literarios: una perspectiva posteuropea». En DOMÍNGUEZ, C. (ed.), *Literatura Europea Comparada*. Madrid: Arco Libros, pp. 147-175.
- DEULEZE, G.; GUATTARI, F. (2002). *Mil mesetas. Capitalismo y esquizofrenia*. Valencia: Pre-textos.
- DOMÍNGUEZ, C. (2013). «In 1838: (European) World Literature on the Edge of Law». *CLCWeb: Comparative Literature and Culture*, 15 [no prelo].
- ETTE, O. (2003). *Literature on the Move*. Amsterdam: Rodopi, 2003.
- ETTE, O. (2011). «Memoria, Historia, Saberes de la Convivencia. Del saber con/vivir de la Literatura». *Isegoría. Revista de Filosofía Moral y Política*, 45, pp. 545-573.
- GENETTE, G (1987). *Seuils*. Paris: Seuil.
- HAAG, O. (2011). «Indigenous literature in European contexts. Aspects of the marketing of the Indigenous literatures of Australia and Aotearoa/New Zealand in German- and Dutch-speaking countries». *Journal of the European Association of Studies on Australia*, 21, pp. 47-63.
- LOURENÇO, E. (2001). *Europa y Nosotros, o las dos razones*. Madrid: Huerga y Fierro.
- MIGNOLO, W. (1991a). «Canons a(nd)Cross-Cultural Boundaries (or, Whose Canon Are We Talking About?)». *Poetics Today*, 12.1, pp. 1-28.
- MIGNOLO, W. (1991b). «Canon and Corpus: An Alternative View of Comparative Literary Studies in Colonial Situations». *Dedalus: Revista Portuguesa de Literatura Comparada*, 1, pp. 219-243.
- MIGNOLO, W. (1992). «La colonización del lenguaje y de la memoria: complejidades de la letra, el libro y la historia». En ZAVALA, I. M. (ed.), *Discursos sobre la 'Invención de América'*. Amsterdam: Rodopi, pp. 183-220.
- O'NEILL, Th. «Guardians of the Fairy Tale: The Brothers Grimm». URL: <http://www.nationalgeographic.com/grimmm/article.html> (5 Outubro 2013)
- ONG, W. (2006). *Oralidad y Escritura: tecnologías de la palabra*. México: Fondo de Cultura Económica.
- STEINER, G. (2005). *La idea de Europa*. Madrid: Siruela.
- WA THIONG'O, N. (1994). *Decolonising the Mind. The politics of Language in African Literature*. London: Heinemann.
- WA THIONG'O, N. (2003). *Penpoints, Gunpoints and Dreams. Towards a Critical Theory of the Arts and the State in Africa*. Oxford: Oxford UP.
- ZUMTHOR, P. (1983). *Introduction à la poésie orale*. Paris: Seuil.
- ZUMTHOR, P. (1990). *Performance, réception, lecture*. Québec: Le Préambule.



**“Europa, en comparación: Unión Europea, identidad y la idea de literatura europea”**  
(Ministerio de Ciencia e Innovación: FFI2010-16165)

Grupo de Investigación 1371 “Teoría da Literatura e Literatura comparada”

